

1. Introducción

O Informe do mercado laboral é elaborado con periodicidade anual polo Observatorio das Ocupacións, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito pola súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao servizo público de emprego de Galicia e ás institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como función principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional.

O informe é un instrumento de consulta ao mesmo tempo descritivo e analítico. Posibilita o coñecemento, a diferentes niveis de detalle, dos principais fenómenos que caracterizan a realidade sociolaboral na nosa Comunidade Autónoma, mais tamén permite coñecer a súa estrutura interna e as variables que determinan o seu comportamento. Pódese ampliar a información na web da Consellería de Traballo “Indicadores do mercado laboral” <http://traballo.xunta.es> www.xunta.es/observatorio

O propósito deste informe é fornecer un instrumento que resulte útil para a propia Administración e, en xeral, para todas as persoas e axentes que traballan en ámbitos relacionados co mercado laboral galego e que están implicados no desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Confiamos en que constitúa unha fonte valiosa de cara á comprensión do mercado laboral galego e de cara ao deseño de medidas e políticas capaces de incidir sobre el para mellorar o seu funcionamento.

2. Contido

Criterios

A elaboración do Informe do mercado laboral aséntase nos seguintes criterios:

- **Conxuntura e evolución.** No novo deseño do informe mantense o duplo enfoque temporal na información, combinando datos puntuais de conxuntura con datos evolutivos de estrutura. Persiste o desexo de presentar datos para un quinquenio ou cinco períodos alí onde se dispón de información completa, aínda que en determinados casos isto non foi posible, por mor dos cambios metodolóxicos introducidos nas fontes de datos.
- **Galicia e as súas comarcas.** A nota característica desta publicación, que a distingue doutras existentes, é o tratamento de datos a varios niveis: Galicia, as catro provincias e as 53 comarcas galegas. A explotación estatística dos rexistros administrativos adoita ser a forma máis eficiente de obter información para o ámbito xeográfico comarcal, característico da nosa ordenación territorial e recollido no Estatuto de autonomía de Galicia. A falta da definición de unidades territoriais *ad hoc*, construídas expresamente para a análise e observación do mercado laboral galego, a delimitación comarcal constitúe a mellor unidade administrativa existente para o noso cometido. Alén da información que se presenta en forma de publicación, que reúne unha tipoloxía de comarcas e os valores dos principais indicadores, o traballo consta dun volume adicional de información provincial e comarcal detallada.
- **Enfoque comparado.** Na realización do informe tívose sempre presente un enfoque comparativo, establecendo sistemas de ordenación e xerarquización das 53 comarcas a través da análise das diversas variables. Este enfoque permitiu ademais poñer en relación os diferentes fenómenos comarcais entre si, ao longo do tempo e a respecto do conxunto de Galicia.
- **Sentido transversal.** Como xa se puxo de manifesto na introdución, o informe é o produto dunha aproximación transversal ao fenómeno do mercado laboral, o que quer dicir que se relacionaron estatísticas laborais con outras socioeconómicas e formativas.

Novidades

A edición deste ano supón unha evolución do informe no tocante ao seu formato. As principais novidades introducidas son as seguintes:

- A realización da publicación en **dúas partes diferenciadas**. Na primeira abórdase unha análise comparativa comarcal para o conxunto das comarcas galegas,

presentando a información en forma de mapas e táboas-resumo de indicadores. A inclusión de datos xeorreferenciados fai uso das posibilidades que outorgan as novas tecnoloxías a través dos sistemas de información xeográfica. Na segunda realízase a análise individualizada por provincias e comarcas, tal e como viña sendo tradicional nas publicacións anteriores. Este segundo documento *Informe do mercado laboral. Provincial e Comarcal 2005/2006* - un arquivo para cada unha das catro provincias- non se publica dada a súa amplitude e volume, pero esta dispoñible en formato PDF en publicacións <http://cualificacions.xunta.es> do Instituto Galego das Cualificacións na Consellería de Traballo.

- A introdución nos apartados individuais das provincias e das comarcas dun **novo apartado inicial de Indicadores**, que pretende resumir as principais características de cada territorio. Esta innovación responde ao desexo de presentar a información de formas distintas, que permitan **diferentes niveis de lectura do informe**, dependendo do tipo de usuario e do obxecto da consulta.
- A consideración dun **novo período de referencia da información**. A partir desta edición os datos refírense ao período que comprende desde o día primeiro de xullo dun ano ao trinta de xuño do ano seguinte, ou o que é o mesmo, a un exercicio que abrangue o segundo semestre dun ano e o primeiro semestre do ano posterior. Esta desvinculación entre período de referencia e ano natural é un fenómeno cada vez máis frecuente na análise económica.
- A utilización dun **estilo sintético na redacción do volume non publicado**, polo que os propios comentarios sobre os datos adoptan un ton máis conclusivo. Por este motivo o nivel de análise nas comarcas de menor entidade sociolaboral reduciuse considerablemente. Mentres para as provincias e para as dez comarcas máis importantes se inclúen táboas e comentarios para todos os apartados, para o resto de comarcas preséntase unha relación de táboas e comentarios máis reducida. As dez comarcas sinaladas son as correspondentes ás sete cidades (áreas metropolitanas ou urbanas de Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ferrol) e mais as comarcas do Salnés, Barbanza e O Morrazo (situadas as tres na área de crecemento demográfico e económico das Rías Baixas).
- A desaparición das táboas de datos que referían informacións de ámbito municipal, que alongarían en exceso a extensión do informe sen achegarlle valor engadido, dada a pouca relevancia no plano sociolaboral da maioría dos 315 concellos. Tamén xustifica esta decisión a obtención de moitos valores pequenos que tornan incompatibles a presentación intelixible de resultados coa salvagarda do segredo estatístico en varios dos apartados.

Apartados

A parte novidosa da publicación estrutúrase nos seguintes apartados:

- **Tipoloxía de comarcas**. Coa información reunida e sintetizada en máis de 200 indicadores, procedeuse a realizar unha redución estatística da información. O resultado permitiu destacar certos fenómenos en determinadas comarcas, o que constitúe un guieiro eficaz para o traballo técnico e político sobre o mercado laboral de cada zona.

- **Indicadores.** Para cada un dos indicadores seleccionados como máis relevantes, elaborouse un mapa sintético e unha clasificación ou 'ranking' de áreas xeográficas neses indicadores, sinalando para cada unha a posición que ocupan no conxunto de todas elas (ata catro no caso das provincias, e ata 53 no caso das comarcas). Deste xeito pódese observar con facilidade en que zonas é máis ou menos intenso o fenómeno descrito por cada indicador. Os indicadores escollidos clasifícanse por temas en: tecido empresarial, demandas e contratos, así como nas dez ocupacións máis demandadas e contratadas, no total e para cada sexo.

O informe do mercado laboral. Provincial e Comarcal 2005/2006, ten a estrutura tradicional, tanto para as provincias como para as comarcas, nos seguintes apartados:

- **Indicadores.** Nas primeiras páxinas de cada área xeográfica (provincia ou comarca) inclúese unha selección de indicadores sintéticos en forma de táboas que reflicten os resultados máis destacados dos apartados subseguintes.
- **Tecido empresarial.** Este apartado constitúe unha análise de síntese á evolución do comportamento de empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos, coa finalidade de obter unha primeira impresión sobre a dimensión e estrutura empresarial e laboral dos diversos ámbitos territoriais. O apartado inclúe a análise das seguintes táboas:
 - Evolución do número de empresas por sectores e grandes sectores de actividade.
 - Evolución do número de traballadores autónomos por sectores e grandes sectores de actividade.
 - Evolución do número de traballadores asalariados por sectores e grandes sectores de actividade.
- **Demandas.** A demanda refírese á solicitude de emprego por parte dun traballador, sexa ou non parado en sentido estrito. O apartado inclúe a análise das seguintes táboas:
 - Evolución do número de demandantes parados e non parados.
 - Evolución do número de demandantes (parados e non parados) por sexo.
 - Evolución do número de demandantes (parados e non parados) por intervalos de idade.
 - Distribución dos demandantes parados por sexo e intervalos de idade, no último período.
 - Distribución dos demandantes non parados por sexo e intervalos de idade, no último período.
 - Distribución dos demandantes parados por sexo e tempo de busca de emprego, no último período.
 - Composición dos demandantes parados por intervalos de idade e tempo de busca de emprego, no último período.
 - Evolución do número de demandantes (parados e non parados) por formación académica.
 - Evolución do número de demandantes (parados e non parados) por sectores de actividade de procedencia.

- **Ofertas.** As ofertas refírense ás altas de ofertas, isto é, o rexistro dunha petición de currículos por parte das entidades empresariais. O apartado inclúe a análise das seguintes táboas:
 - Evolución das ofertas por sectores e grandes sectores de actividade.
 - Evolución das ofertas por grandes grupos de ocupación.
- **Contratos.** Neste apartado contabilízanse os contratos rexistrados no servizo público galego de emprego. Teñen a mesma consideración que un contrato as conversións de contratos realizadas sobre un contrato preexistente. O apartado inclúe a análise das seguintes táboas:
 - Evolución dos contratos por sexo.
 - Evolución dos contratos por intervalos de idade.
 - Distribución dos contratos por sexo e intervalos de idade, no último período.
 - Evolución dos contratos por sectores e grandes sectores de actividade.
 - Distribución dos contratos por sexo e (grandes) sectores de actividade.
 - Distribución dos contratos por intervalos de idade e (grandes) sectores de actividade.
 - Evolución dos contratos por tipos de contrato.
 - Distribución dos contratos por sexo e tipos de contrato.
 - Distribución dos contratos por intervalos de idade e tipos de contrato.
 - Distribución dos contratos por (grandes) sectores de actividade e tipos de contrato.
 - Evolución dos contratos por grandes grupos de ocupación.
 - Distribución dos contratos por sexo e grandes grupos de ocupación.
 - Distribución dos contratos por intervalos de idade e grandes grupos de ocupación.
- **Formación Profesional Ocupacional.** Este apartado presenta nunha táboa o número de cursos e alumnos de FPO existentes en cada área xeográfica. Dada a ampla diversidade de especialidades formativas que configuran o catálogo de formación ocupacional, optouse por empregar a familia profesional como categoría de agregación.

Medidas

Ao longo da elaboración do informe, analizáronse diferentes modalidades de datos como:

- **Valores absolutos** das variables (p. ex.: persoas, empresas, demandas, ofertas, contratos, cursos, alumnos). Medida de dimensión ou magnitude.
- **Porcentaxes de variación** ao longo do tempo (p. ex.: no último ano, tendencia no quinquenio). Medida de evolución.
- **Porcentaxes de distribución** interna en función dunha variábel (p. ex.: xénero, idade, sector de actividade, tipo de contrato). Medida de composición, peso, ponderación ou estrutura.

- **Porcentaxes de participación** en áreas territoriais de ámbito superior (p. ex.: unha comarca en Galicia). Medida de importancia relativa.
- **Distancias relativas** dunha área a outra de ámbito superior (p. ex.: distancia da taxa de contratación feminina nunha comarca en relación coa media galega). Medida de homoxeneidade.

A conxunción destes diferentes tipos de informacións permiten describir rigorosamente o mercado de traballo de cada área xeográfica.

Constitúen novidades con respecto a informes anteriores a utilización das distancias relativas e das tendencias no quinquenio.

- Distancias relativas. Introduciuse esta medida como froito do enfoque comparado que inspira o informe, coa vista posta nunha visión de equilibrio territorial dos fenómenos sociolaborais.
- Tendencia no quinquenio. Para describir o comportamento dunha variable ao longo dos cinco anos, víñase calculando unha taxa media anual acumulativa. Este indicador tiña a desvantaxe de depender para o seu cálculo unicamente dos valores inicial e final da serie, de xeito que en variables con oscilacións fortes ou de comportamento variable e irregular, con ciclos intermedios no quinquenio, o seu valor non reflectía adecuadamente o comportamento da serie. Para salvar este problema, neste novo informe utilizáronse tendencias estatísticas calculadas mediante métodos de regresión lineal sobre a serie de cinco datos dispoñibles. Deste xeito a pendente da liña de regresión nun punto determinado aproxima unha porcentaxe de variación media que representa o conxunto do período. Este indicador, máis estable e consistente, non está exento de problemas: a porcentaxe de variación depende do punto de referencia, en evolucións de natureza exponencial pode presentar valores anormalmente elevados, e con magnitudes baixas pode producir valores negativos.

Táboas

No informe non publicado *Informe do mercado laboral. Provincial e Comarcal 2005/2006*, estableceuse basicamente dous tipos de táboas de datos:

- Táboas de perspectiva temporal evolutiva dunha variable.
- Táboas de distribución, composición ou estrutura dunha variable.

Como criterio para uniformar o estilo, en todas as táboas aparecen só valores absolutos, de xeito que as restantes medidas descritas se reservan para a análise textual. As únicas excepcións a este criterio son a aparición de porcentaxes e valores de tendencia nos indicadores e nas táboas referidas á Formación Profesional Ocupacional.

Texto

Para posibilitar unha áxil localización e facilitar a comparación, a orde dos comentarios é a mesma en todas as áreas e apartados.

Como xa adiantamos, no informe deste ano optamos por reducir a densidade de información presentada nas comarcas de menor dimensión no seu mercado laboral. En numerosas ocasións o comportamento das comarcas deste tipo non era substancialmente diferente do comportamento medio de todas as comarcas. Neses casos simplemente salientamos a posición relativa da comarca en relación coa variable ou dato en cuestión.

Noutras ocasións, a reducida magnitude dos valores das variables ou a preservación do segredo estatístico desaconsellaban ou impedían a presentación e comentario de datos.

3. Metodoloxía

Fontes de datos

Esta edición do informe está baseada nas mesmas fontes de información utilizadas en anos precedentes.

- **Perfil sociodemográfico.** A *Enquisa de Poboación Activa* (EPA), elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e cuxos datos para Galicia tamén explora e publica o Instituto Galego de Estatística (IGE), experimentou recentemente un novo cambio metodolóxico. A partir de 2005 os novos datos publicados rompen a continuidade coas series históricas precedentes, as cales xa eran de sen o produto da homologación de dúas series distintas resultantes doutro cambio metodolóxico anterior. Por esta razón, na edición deste ano suprimíuse este apartado, dada a imposibilidade de presentar datos homologables en forma de series temporais para dous períodos consecutivos.
- **Tecido empresarial.** A información utilizada no informe procede da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes (xeral e específicos) da Seguridade Social, e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización. O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego. Ademais, considera a totalidade dos sectores económicos e ten información para diferentes anos que posibilita realizar estudos evolutivos. A fonte inclúe os seguintes campos: período, provincia, comarca, actividade económica principal, número de empresas, número de autónomos, número de asalariados.
- **Demandas.** A información utilizada no informe provén das bases de datos do servizo público de emprego. Unha demanda é a solicitude dun posto de traballo que realiza un traballador, desempregado ou non, ante unha oficina de emprego. A fonte inclúe os seguintes campos: período, provincia, comarca, sexo, idade, formación académica, antigüidade da inscrición, parado/non parado, situación laboral, ocupacións, sector de actividade de procedencia. O contido desta fonte experimentou varios cambios metodolóxicos que detallamos na seguinte epígrafe.
- **Ofertas.** A información utilizada no informe provén das bases de datos do servizo público de emprego. Unha oferta é unha alta na base producida pola solicitude dunha entidade empresarial ao servizo público de emprego para cubrir un ou varios postos de traballo. A fonte inclúe os seguintes campos: período, provincia, comarca, ocupación, sector de actividade principal, requirimento de sexo, requirimento de formación académica, número de ofertas. O contido desta fonte experimentou varios cambios metodolóxicos que detallamos na seguinte epígrafe.

- **Contratos.** A información utilizada no informe provén das bases de datos do servizo público de emprego, e máis concretamente da Sección de Contratos. A fonte inclúe os seguintes campos: período, provincia, comarca, sexo, idade, sector de actividade principal, ocupación, tipo de contrato, número de contratos. O contido desta fonte experimentou varios cambios metodolóxicos que detallamos na seguinte epígrafe.
- **Formación Profesional Ocupacional.** A información utilizada no informe acerca do número de cursos e alumnos en cada área xeográfica procede da base de datos do *Sistema de Información de Formación Ocupacional* (SIFO) da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia. A fonte inclúe os seguintes campos: período, provincia, comarca, familia profesional, compromiso de contratación si/non, número de cursos, número de alumnos.

Aspectos metodolóxicos

Como consecuencia da implantación do novo sistema de xestión do servizo público autonómico de emprego, denominado SICAS, producíronse variacións significativas a respecto de edicións anteriores. Os cambios máis visibles están motivados polos cambios metodolóxicos experimentados por varias das fontes estatísticas e administrativas usadas para a elaboración dos diferentes apartados en que se dividen os capítulos deste informe.

Independentemente dos cambios metodolóxicos, cada fonte posúe especificidades que orixinan diferentes incidencias á hora do seu tratamento e análise. Por tanto, convén ter en conta os seguintes comentarios:

- **Tecido empresarial.** Os cambios nas bases de datos da TXSS fan que a dispoñibilidade de información se restrinja aos dous períodos máis recentes, desde o segundo semestre de 2004 ao primeiro semestre de 2006. En edicións posteriores irase aumentando a amplitude do período con nova información.

Na fonte existen datos de empresas e traballadores non asignados a unha comarca (só a unha provincia) e/ou a un sector de actividade (a empresa figura como sen actividade), podendo convivir os dous casos nun mesmo rexistro.

	Media do período	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Empresas non comarcalizadas	674	683
Autónomos non comarcalizados	22.132	15.124
Asalariados non comarcalizados	9.490	7.492

	Media do período	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Empresas non sectorializadas	13	6
Autónomos non sectorializados	232	141
Asalariados non sectorializados	46	16

Neste capítulo, os datos non comarcalizados foron incluídos nas análises provinciais, pero non, evidentemente, na análise comarcal. Isto provoca que

unha hipotética suma dos valores comarcais para unha provincia non coincida co total provincial. No que atinxe aos datos non sectorializados, dado o seu volume reducido, foron excluídos da análise, tanto na perspectiva provincial como na comarcal.

A información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes ou establecementos en diferentes lugares, por ter contratos para a formación, por exercer diferentes actividades, por ter contratado un axente de comercio, ou por contratar artistas de forma esporádica e á conveniencia.

Os valores presentados procedentes desta fonte reflicten valores medios de cada período, isto é, a media calculada a partir dos datos pertencentes a cada un dos doce meses. Non se corresponden, por tanto, con valores ao termo de cada período, e inclúen valores decimais que foron arredondados convenientemente.

- **Demandas de emprego.** É o apartado que experimentou un maior número de cambios metodolóxicos. Estes son os principais:
 - Número de ocupacións rexistradas por demandante. Rexístranse para cada demandante ata un máximo de seis ocupacións diferentes, cando no pasado só se rexistraba unha, sendo o habitual que se cubran as seis para maximizar as posibilidades de encaixe coas ofertas.
 - Concepto de parado. Dentro dos demandantes distinguimos parados dos non parados segundo o establecido na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Segundo esta definición, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.
 - Concepto de ocupación. Mudou o sistema utilizado para codificar as ocupacións preferidas polo demandante. No pasado usábase a clasificación SILEE, que constaba de 3.698 ocupacións posibles, e no último período adoptouse a clasificación SISPE, que consta de 2.367. A efectos de logramos unha certa continuidade na análise, neste informe optamos por utilizar os códigos das dúas clasificacións a un nivel de detalle de catro díxitos, que os fai coincidir a ambos entre si e coa *Clasificación Nacional de Ocupacións* (CNO). Estes cambios dificultan establecer unha comparación en perspectiva temporal, dada a multiplicación de ocupacións para cada demandante, e, aínda que pode compararse a composición ocupacional das demandas, hai que ter en conta os efectos que introduce esta modificación. Polo demais, as clasificacións de ocupacións máis demandadas seguen a facerse para o último período tal e como viñan realizándose en informes precedentes.
 - Concepto de situación laboral. A codificación da variable situación laboral experimentou tamén unha transformación. Se no pasado se relacionaban neste campo da base de datos cuestións como a posesión ou non de emprego anterior, a dispoñibilidade inmediata, a compatibilización entre prestación e traballo a tempo parcial, as excedencias por regulación de emprego e outras,

no novo campo simplifícanse as posibilidades e codifícanse só tres categorías: ocupados, desempregados e traballadores agrarios.

- **Formación académica.** Na fonte existen uns poucos rexistros de demandantes para os que non se especifica o nivel de formación académica. Foron excluídos da análise.

	Media do período	
	30/06/05	30/06/06
Demandantes sen datos de formación académica	13	5

- **Sector de actividade de procedencia.** As persoas que non traballaron anteriormente están clasificadas nas desagregacións sectoriais baixo a epígrafe 'Sen actividade'. Todos estes rexistros están incorporados sen problemas na análise, por tratarse dunha circunstancia habitual e significativa.
- **Período de referencia dos datos.** Enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada polas oficinas de emprego existente o último día de cada período, é dicir, o día 30 de xuño.
- **Ofertas.** Coa implantación do novo sistema de xestión do servizo público de emprego, prodúcese un salto cuantitativo nos datos temporais, alén dunha diferenza cualitativa dos datos entre comarcas diferentes. En informes anteriores viñanse rexistrando datos combinados procedentes tanto do Servizo Galego de Colocación (SGC) como do Instituto Nacional para o Emprego (INEM), mais na actualidade hai moitas comarcas de mediano ou pequeno tamaño das que só se teñen datos a partir do mes de xaneiro do ano 2005, momento en que se comezaron a introducir datos no SICAS. Isto resulta, a partir desa data, nunha discontinuidade da serie histórica. Este fenómeno impídenos realizar calquera análise de tipo evolutivo, o que nos obriga a realizar exclusivamente unha análise conxuntural cos datos referidos ao último período (de xullo de 2005 a xuño de 2006). A mesma causa aconsella non facer comparacións entre comarcas nese mesmo período.

Nos datos de ofertas e para todos os períodos detectáronse informacións sen comarcalizar e sen sectorializar. Nestes casos procedemos de xeito análogo a como fixemos cos datos de tecido empresarial. Os datos non territorializados tiveron en conta na agregación a escala provincial, e os datos non sectorializados foron excluídos da análise.

	Media do período				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Ofertas non territorializadas	5	46	1.470	1.258	627
Ofertas non sectorializadas	11	12	26	137	444

- **Contratos.** Nesta fonte non se advertiron aspectos metodolóxicos susceptibles de mención. A contratación pasa por ser o tipo de información existente no servizo público de emprego menos afectada pola transformación acometida.
- **Formación Profesional Ocupacional.** Na fonte aparecen uns poucos rexistros de cursos con número de alumnos igual a cero. Trátase de cursos de FPO dirixidos a persoas ocupadas.

Equivalencias CNAE

Ao longo dos diferentes apartados utilízanse profusamente datos e comentarios referidos a actividades económicas. Os datos orixinalmente fornecidos posúen diferentes niveis de agregación ou detalle, aínda que na análise todos foron reducidos ao denominador común dos grandes sectores de actividade económica.

Na seguinte táboa podemos contemplar as equivalencias efectuadas a catro niveis: códigos de división CNAE93Rev.1 (dous díxitos), subsectores, sectores e grandes sectores de actividade. Estas tres últimas clasificacións foron definidas *ad hoc* polo observatorio, baseándonos na importancia das actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma.

Código e descrición de división CNAE		Subsector económico	Sector económico	Gran sector económico
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	Agricultura e forestal	Agricultura e pesca	PRIMARIO
02	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	Agricultura e forestal		
05	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas	Pesca		
10	Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	Outras industrias	Industria	SECUNDARIO
11	Extracción de crus de petróleo e gas natural			
12	Extracción de minerais de uranio e torio			
13	Extracción de minerais metálicos			
14	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	Alimentación		
15	Industria de produtos alimentarios e bebidas			
16	Industria do tabaco	Outras industrias		
17	Industria téxtil	Téxtil e confección		
18	Industria da confección e da peletaría	Outras industrias		
19	Preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe			
20	Industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	Madeira		
21	Industria do papel	Outras industrias		
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados			
23	Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares			
24	Industria química			
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	Fab. prod. minerais non metálicos		
26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	Metalurxia e fab. prod. metal.		
27	Metalurxia			
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	Outras industrias		
29	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico			
30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos			
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico			
32	Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	Fab. material transporte		
33	Fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxaía			
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	Outras industrias		
35	Fabricación doutro material de transporte			
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	Electricidade		
37	Reciclaxe			
40	Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	Enerxía eléct. gas e auga	Construción	CONSTRUCCIÓN
41	Captación, depuración e distribución de auga			
45	Construción	Construción	Comercio e hostalería	
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	Servizos de automoción		
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	Comercio excep. automoción		
52	Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores			
55	Hostalaría	Hostalería	Transporte e comunicacións	
60	Transporte terrestre; transporte por tubos			
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores			
62	Transporte aéreo e espacial			
63	Actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes			
64	Correos e telecomunicacións	Outros servizos		
65	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións			
66	Seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	Outros servizos		
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira			
70	Actividades inmobiliarias	Activid. inmobiliarias e serv. empres.		
71	Alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos			
72	Actividades informáticas			
73	Investigación e desenvolvemento			
74	Outras actividades empresariais	Outros servizos		
75	Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria			
80	Educación			
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais			
90	Actividades de saneamento público			
91	Actividades asociativas	Serv. á comunidade		
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas			
93	Actividades diversas de servizos persoais			
95	Fogares que empregan persoal doméstico	Outros servizos		
99	Organismos extraterritoriais			



PROVINCIA de PONTEVEDRA

5.1.- Indicadores

5.1.1.- Tecido empresarial

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Empresas	42.085	2	+4,4	1
Autónomos	58.949	2	+6,9	3
Asalariados	294.341	2	+4,1	1

5.1.2.- Demandas

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Demandas de parados	56.414	2	-6,3	4
Demandas de non parados	17.112	2	-11,8	4
Demandas totais	73.526	2	-7,6	4

	Número	Posición	Peso %	Posición
Parados mulleres	36.563	2	64,8	1
Parados menores de 26 anos	8.165	1	14,5	1
Parados de longa duración >=26 anos	22.424	2	39,7	3

5.1.3.- Contratos

	Número	Posición	Peso %	Posición
Contratos a mulleres	142.368	2	44,2	4
Contratos a menores de 26 anos	103.402	2	32,1	1
Contratos na industria	40.128	1	12,5	2
Contratos na construción	36.964	2	11,5	3
Contratos no comercio e hostalaría	69.686	1	21,6	2
Contratos no transporte e comunicacións	40.898	1	12,7	1
Contratos noutros servizos	123.456	2	38,3	4

	Número	Posición	Var. qui. %	Posición
Contratos indefinidos t. completo	21.556	2	+3,0	4
Contratos indefinidos t. parcial	4.755	2	+11,0	4
Contratos temporais	216.507	2	+7,5	4
Contratos temporais t. parcial	66.605	2	-4,8	1
Contratos prácticas/formación	7.409	2	+1,5	1
Contratos outros	5.186	3	-13,4	4
Contratos totais	322.018	2	+2,9	4

5.1.4.- Ocupacións máis demandadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	21.792	20.874
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	21.672	20.746
Peóns de industrias manufactureiras	14.189	13.546
Taquígrafos e mecanógrafos	10.978	9.946
Peóns do transp. e descargadores	9.812	8.767
Caixeiros (agás bancos e correos)	5.801	5.477
Camareiros, barmans e asimilados	5.227	4.715
Empregados para o coidado de nenos	4.182	4.335
Asistentes domiciliarios	3.813	3.834
Trab. cualif. por c. allea en hortas, viveiros e xardíns	3.648	3.602

5.1.5.- Ocupacións máis demandadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	5.148
Peóns do transp. e descargadores	4.568
Peóns da construción de edificios	3.116
Albaneis e canteiros	2.298
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	2.144
Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas	2.135
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	2.091
Representantes de comercio e técnicos de venda	1.972
Taquígrafos e mecanógrafos	1.954
Camareiros, barmans e asimilados	1.706

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	19.622
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	18.602
Peóns de industrias manufactureiras	8.398
Taquígrafos e mecanógrafos	7.992
Caixeiros (agás bancos e correos)	5.139
Empregados para o coidado de nenos	4.270
Peóns do transp. e descargadores	4.199
Asistentes domiciliarios	3.750
Auxs. de enfermaría hospitalaria	3.072
Camareiros, barmans e asimilados	3.009

5.1.6.- Ocupacións máis contratadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	6.487	6.235
Taquígrafos e mecanógrafos	4.586	3.792
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	3.119	3.313
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	2.913	3.041
Camareiros, barmans e asimilados	2.218	2.413
Condutores de camións	1.932	1.999
Albaneis e canteiros	1.718	1.812
Representantes de comercio e técnicos de venda	1.654	1.704
Peóns do transp. e descargadores	1.582	1.585
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	1.405	1.526

5.1.7.- Ocupacións máis contratadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	4.018
Condutores de camións	1.832
Albaneis e canteiros	1.685
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	1.305
Taquígrafos e mecanógrafos	1.141
Peóns do transp. e descargadores	1.107
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	1.080
Representantes de comercio e técnicos de venda	1.068
Peóns da construción de edificios	1.028
Camareiros, barmans e asimilados	962

	Mulleres III-05 a II-06
Taquígrafos e mecanógrafos	2.651
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	2.413
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	2.233
Peóns de industrias manufactureiras	2.217
Camareiros, barmans e asimilados	1.451
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	1.044
Outros auxs. administrativos con tarefas de atención ao púb.	816
Secretarios administrativos e asimilados	701
Representantes de comercio e técnicos de venda	636
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza	567

5.2.- Tecido empresarial

5.2.1.- Empresas

TÁBOA 1: Empresas da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por sectores de actividade.

	Empresas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	2.366	2.346
Electricidade	44	45
Industria	4.323	4.336
Construción	5.984	6.181
Comercio e hostalaría	13.841	14.277
Transporte e comunicacións	1.999	2.070
Outros servizos	11.768	12.830
SECTOR PRIMARIO	2.366	2.346
SECTOR SECUNDARIO	4.367	4.381
SECTOR CONSTRUCCIÓN	5.984	6.181
SECTOR SERVIZOS	27.608	29.177
TOTAL	40.326	42.085

No último ano, o número de empresas na provincia de Pontevedra medra nun 4,4%. Analizando o acontecido segundo sectores, obsérvase que o primario é o único que experimenta un lixeiro descenso, do -0,8%; o secundario crece o 0,3%; a construción o 3,3%, e o incremento maior ten lugar nos servizos, co 5,7%. En canto aos sectores dos servizos, nos outros servizos prodúcese a subida máis intensa no número de empresas, do 9%; o crecemento para o transporte e comunicacións é do 3,5%, e para o comercio e hostalaría é do 3,2%.

Os servizos achegan o maior volume de empresas, xa que o seu peso relativo no total provincial é do 69,3%; a variación deste peso para o último ano caracterízase polo lixeiro crecemento, do 0,9%. Dentro dos servizos, as empresas do comercio e hostalaría teñen o maior peso relativo, co 33,9%, e descenden no último ano o -0,4%; os outros servizos representan o 30,5%, cun incremento no último ano do 1,3%; máis lonxe atópase o transporte e comunicacións co 4.9% das empresas, manténdose estable no último ano.

O segundo gran sector en importancia en canto ao número de empresas, aínda que a moita distancia dos servizos, é a construción, cun peso relativo do 14,7%, sendo a súa variación no último ano negativa, do -0,2%. As empresas do sector secundario teñen un peso relativo do 10,4%, peso que descendeu no último ano nun -0,4%. O peso do sector primario é do 5,6%, e no último ano baixa un -0,3%.

As empresas da provincia de Pontevedra representan o 36,1% do total de Galicia; esta porcentaxe descendeu o -0,2% no último ano.

5.2.2.- Traballadores autónomos

TÁBOA 2: Traballadores autónomos da PROVINCIA de PONTEVEDRA por sectores de actividade.

	Autónomos	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	720	812
Electricidade	24	27
Industria	4.752	4.970
Construción	8.817	9.505
Comercio e hostalaría	26.293	27.844
Transporte e comunicacións	3.880	4.071
Outros servizos	10.683	11.720
SECTOR PRIMARIO	720	812
SECTOR SECUNDARIO	4.775	4.997
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.817	9.505
SECTOR SERVIZOS	40.856	43.635
TOTAL	55.169	58.949

O número de traballadores autónomos na provincia veuse incrementado no último ano nun 6,9%.

Os traballadores autónomos do sector primario experimentaron o crecemento relativo de maior intensidade, do 12,8%; no sector secundario o crecemento foi do 4,6%; a construción medrou un 7,8% e os servizos un 6,8%. Nos sectores dos servizos, os outros servizos medraron o 9,7%, configurando o crecemento máis intenso; no comercio e hostalaría os autónomos incrementaron o seu número nun 5,9% e no transporte e comunicacións o 4,9%.

Os traballadores autónomos dos servizos representan o maior peso relativo de todos os sectores, co 74%, e manteñen este peso estable no último ano. Hai que mencionar os autónomos do comercio e hostalaría, co 47,2%, tras descender o peso no último ano o -0,4%. O peso dos traballadores dos outros servizos é do 19,9%, e medrou o 0,5%. Os traballadores autónomos do transporte e comunicacións representan o 6,9%, cun lixeiro descenso do -0,1% no último ano.

A moita distancia dos servizos atópase a construción, co 16,1% dos traballadores autónomos, que experimentan un lixeiro crecemento no peso porcentual do 0,1%. O 8,5% dos autónomos pertencen ao sector secundario e o seu peso descendeu no último ano nun -0,2%; os traballadores autónomos do sector primario representan tan só o 1,4%, incrementándose lixeiramente no último ano, no 0,1%.

Os traballadores autónomos da provincia supoñen o 34,9% do total de Galicia; esta porcentaxe descendeu no último ano nun -0,2%.

5.2.3.- Traballadores asalariados

TÁBOA 3: Traballadores asalariados da PROVINCIA de PONTEVEDRA por sectores de actividade.

	Asalariados	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	25.396	24.668
Electricidade	738	755
Industria	62.415	63.794
Construción	33.596	35.128
Comercio e hostalaría	59.677	62.561
Transporte e comunicacións	13.982	14.813
Outros servizos	87.028	92.622
SECTOR PRIMARIO	25.396	24.668
SECTOR SECUNDARIO	63.153	64.549
SECTOR CONSTRUCCIÓN	33.596	35.128
SECTOR SERVIZOS	160.688	169.997
TOTAL	282.832	294.341

O número de traballadores asalariados na provincia creceu, no último ano, nun 4,1%.

Esta situación de crecemento non é común a todos os sectores xa que os traballadores asalariados do sector primario descenden nun -2,9% neste último ano. O sector que máis aumenta é o dos servizos, co 5,8%; dentro dos servizos, hai que salientar os outros servizos, que incrementan o número de traballadores asalariados nun 6,4%. O transporte e comunicacións medra un 5,9% e o comercio e hostalaría un 4,8%. O crecemento da construción é do 4,6% e o sector secundario aumenta de xeito máis moderado: o 2,2%.

Na provincia, o gran sector cun maior peso relativo de traballadores asalariados é o dos servizos, co 57,8%, peso relativo que se incrementou no último ano o 0,9%; dentro dos servizos, os outros servizos representan o 31,5% e o seu peso ascendeu o 0,7%; o comercio e hostalaría representa o 21,3% dos traballadores asalariados e o seu peso porcentual incrementouse o 0,2%; o 5% dos traballadores asalariados pertence ao transporte e comunicacións e o seu peso medrou o 0,1%. No sector secundario traballan o 21,9% dos asalariados, descendendo o seu peso no último ano o -0,4%. A construción representa o 11,9% dos traballadores asalariados e o seu peso aumentou lixeiramente no último ano: o 0,1%. O sector primario representa o 8,4% e o seu peso descendeu o -0,6%.

A provincia de Pontevedra achega ao total de Galicia o 35,8% dos traballadores asalariados; esta participación ascendeu no último ano nun 0,2%.

5.3.- Demandas

No último ano, as demandas de traballo na provincia descendieron de xeito acusado: o -7,6%. Estas demandas representan o 35,7% do total das que se produciron en Galicia, tras diminuír no último ano o -0,5%.

5.3.1.- Demandas por situación laboral, sexo e idade

TÁBOA 4: Demandantes de traballo da PROVINCIA de PONTEVEDRA por situación laboral.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados	60.177	56.414
Non parados, ocupados	10.147	9.231
Non parados, desempregados	8.952	7.628
Non parados, traballadores agrarios	292	253
PARADOS	60.177	56.414
NON PARADOS	19.391	17.112
TOTAL	79.568	73.526

Os demandantes de emprego parados descendieron no último ano o -6,3% e os non parados o -11,8%. Dentro do colectivo dos non parados, a mingua de maior intensidade acontece nos non parados desempregados, co -14,8%; séguenlles os non parados, traballadores agrarios, co -13,4%, e os non parados ocupados, co -9%.

O peso relativo dos demandantes parados na provincia é do 76,7%, e medra no último ano o 1,1%; o peso relativo dos demandantes non parados é do 23,3% e no último ano este peso descendeu o -1,1%. Dentro do colectivo dos non parados, é preciso salientar os non parados ocupados, co 12,6% das demandas e cun descenso no último ano do -0,2%; os non parados desempregados representan o 10,4% dos demandantes e baixan no último ano o -0,9%; por último, os non parados traballadores agrarios, co 0,3%, manteñen estable o seu peso relativo no último ano.

TÁBOA 5: Demandantes de traballo da PROVINCIA de PONTEVEDRA por situación laboral e sexo.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, homes	21.540	19.851
Parados, mulleres	38.637	36.563
Non parados, homes	8.147	7.220
Non parados, mulleres	11.244	9.892
HOMES	29.687	27.071
MULLERES	49.881	46.455
TOTAL	79.568	73.526

Os homes demandantes de traballo descendieron no último ano o -8,8%, mentres que para as mulleres demandantes a intensidade de mingua foi menor, do -6,9%. Para o colectivo masculino, os parados baixaron un -7,8% e os non parados un -11,4%. No caso das mulleres, as paradas descendieron no último ano o -5,4% e as non paradas obteñen a maior intensidade de descenso, o -12%.

En canto ao peso relativo, o das mulleres demandantes de traballo é do 63,2%, incrementándose no último ano un 0,5%, e o dos homes é do 36,8% tras descender no último ano o -0,5%. O peso relativo dos homes demandantes parados é do 27% e baixou no último ano o -0,1%; o peso relativo das mulleres demandantes paradas é

superior, do 49,7% e incrementouse no último ano un 1,2%. No que respecta aos demandantes non parados, os homes representan o 9,8%, baixando a súa porcentaxe no último ano o -0,4%, para as mulleres o peso relativo é do 13,5% e baixou a súa porcentaxe un -0,7% no último ano.

TÁBOA 6: Demandantes de traballo da PROVINCIA de PONTEVEDRA por situación laboral e idade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, menores de 26 anos	10.147	8.165
Parados, entre 26 e 35 anos	17.399	15.677
Parados, entre 36 e 45 anos	13.131	12.600
Parados, entre 46 e 55 anos	11.450	11.475
Parados, de 56 ou máis anos	8.050	8.497
Non parados, menores de 26 anos	4.433	3.643
Non parados, entre 26 e 35 anos	5.601	4.739
Non parados, entre 36 e 45 anos	3.818	3.319
Non parados, entre 46 e 55 anos	2.739	2.638
Non parados, de 56 ou máis anos	2.800	2.773
Menores de 26 anos	14.580	11.808
Entre 26 e 35 anos	23.000	20.416
Entre 36 e 45 anos	16.949	15.919
Entre 46 e 55 anos	14.189	14.113
De 56 ou máis anos	10.850	11.270
TOTAL	79.568	73.526

Os demandantes de traballo menores de 26 anos experimentaron o descenso de maior intensidade no último ano, do -19%; para os demandantes de 26 a 35 anos a perda é do -11,2%; para os de 36 a 45 anos é do -6,1%; para os demandantes de 46 a 55 anos é de -0,5%; no caso dos demandantes de 56 ou máis anos aumenta o seu número no 3,9%.

Dentro do colectivo dos demandantes de traballo parados, os menores de 26 anos descenderon no último ano coa maior intensidade, do -19,5%; os de 26 a 35 anos minguaron o -9,9% e os de 36 a 45 anos o -4%. Pola contra, os demandantes de traballo parados de 46 a 55 anos incrementaron o seu número nun 0,2% e os de 56 e máis anos nun 5,6%.

No que atinxe aos demandantes de traballo non parados, o descenso máis significativo volve a acontecer nos menores de 26 anos, co -17,8%; os de 26 a 35 anos reduciron o seu volume no -15,7%, para os de 36 a 45 anos a baixada é do -13,1%; para os de 46 a 55 anos é do -3,7% e para os de 56 ou máis anos é do -1%.

O peso relativo dos demandantes de traballo menores de 26 anos é do 16,1% e descendeu no último ano o -2,3%; para as persoas de 26 a 35 anos o peso relativo é do 27,8%, tras minguar no último ano o -1,1%; no caso das persoas de 36 a 45 anos o peso relativo é do 21,7% e ascendeu no último ano o 0,3%; o peso relativo dos demandantes de 46 a 55 anos é do 19,2%, incrementándose no último ano o 1,4%; por último, o peso relativo das persoas de 56 ou máis anos é do 15,3%, tras medrar no último ano o 1,7%.

En canto aos demandantes de traballo parados, o peso relativo no conxunto dos demandantes, dos menores de 26 anos, é do 11,1%, e no último ano descendeu o -1,6%; o peso relativo das persoas de 26 a 35 anos é do 21,3% e baixou no último ano o -0,5%; o peso relativo das persoas de 36 a 45 anos é do 17,1%, tras medrar no último ano o 0,6%; o peso relativo das persoas de 46 a 55 anos é do 15,6% e creceu no último ano o 1,2%; o peso relativo das persoas de 56 ou máis anos é do 11,6%, aumentando no último ano o 1,4%.

TÁBOA 7: Demandantes parados da PROVINCIA de PONTEVEDRA por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	3.754	4.411	8.165
De 26 a 35 anos	5.131	10.546	15.677
De 36 a 45 anos	3.823	8.777	12.600
De 46 a 55 anos	3.584	7.891	11.475
De 56 ou máis anos	3.559	4.938	8.497
TOTAL	19.851	36.563	56.414

Para os demandantes de traballo non parados, o peso relativo dos menores de 26 anos é do 5,2%, tras descender no último ano o -0,6%; o peso relativo das persoas de 26 a 35 anos é do 6,4%, reducíndose no último ano o -0,6%; o peso relativo das persoas de 36 a 45 anos é do 4,5% e descendeu no último ano o -0,3%; o peso relativo das persoas de 46 a 55 anos é do 3,6%, tras medrar neste último ano o 0,1%; o peso relativo das persoas de 56 ou máis anos é do 3,8%, incrementándose no último ano o 0,3%.

Os demandantes parados distribúense entre un 35,2% de homes e un 64,8% de mulleres, valor este último 1,7 puntos por enriba do galego. Os dous primeiros intervalos de idade, de menores de 26 e de 26 a 35 anos, presentan valores algo superiores aos galegos, 1,1 e 1,3 puntos por enriba, respectivamente. Os maiores de 56 sitúanse a unha distancia de -2 puntos con respecto ao valor para o conxunto da comunidade; o grupo de 46 a 55 anos, a -0,3 puntos; e o de 36 a 45 anos, a -0,1 puntos.

TÁBOA 8: Demandantes non parados da PROVINCIA de PONTEVEDRA por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes non parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	1.642	2.001	3.643
De 26 a 35 anos	1.745	2.994	4.739
De 36 a 45 anos	1.239	2.080	3.319
De 46 a 55 anos	1.036	1.602	2.638
De 56 ou máis anos	1.558	1.215	2.773
TOTAL	7.220	9.892	17.112

O 42,2% dos demandantes ocupados son homes, fronte ao 57,8% de mulleres, valor este último 1,8 puntos superior ao galego. O intervalo de 26 a 35 anos presenta un peso relativo 1,9 puntos superior ao do conxunto da Comunidade. O de 36 a 45 anos, 0,8 puntos por enriba. Pola contra, o grupo de maiores de 55 anos ten un peso relativo a -1,2 puntos de distancia do galego; o de 46 a 55 anos, a -0,9; e o de menores de 26 a -0,6 puntos do valor homólogo para o conxunto de Galicia.

TÁBOA 9: Demandantes parados da PROVINCIA de PONTEVEDRA por sexo e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Homes	10.697	3.296	5.858	19.851
Mulleres	13.662	6.335	16.566	36.563
TOTAL	24.359	9.631	22.424	56.414

O 43,2% dos demandantes parados da provincia levan menos de seis meses en situación de desemprego. Este peso relativo é superior ao galego en 2,2 puntos porcentuais. O 39,7% levan en desemprego máis dun ano, valor a unha distancia de -2,2 puntos do galego. O 17,1% restante leva entre seis meses e un ano en situación de desemprego, valor superior ao galego en 0,1 puntos porcentuais.

A porcentaxe de mulleres é superior nas tres categorías segundo tempo de busca de emprego. Representan un 56,1% dos parados de menos de seis meses de duración, un 65,8% dos de seis meses a un ano, e un 73,9% dos parados de máis dun ano de duración.

TÁBOA 10: Demandantes parados da PROVINCIA de PONTEVEDRA por intervalos de idade e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menos de 26 anos	6.006	1.249	910	8.165
De 26 a 35 anos	8.352	3.154	4.171	15.677
De 36 a 45 anos	5.346	2.415	4.839	12.600
De 46 a 55 anos	3.220	1.763	6.492	11.475
De 56 ou máis anos	1.435	1.050	6.012	8.497
TOTAL	24.359	9.631	22.424	56.414

Destacan os pesos relativos dos menores de 26 anos que levan menos de seis meses en desemprego, cun 73,6%, así como os maiores de 55 anos que levan máis dun ano nesta situación, e que suman o 70,8% dos deste intervalo de idade.

5.3.2.- Demandas por formación académica

TÁBOA 11: Demandantes de traballo da **PROVINCIA de PONTEVEDRA** por situación laboral e formación académica.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados ata certificado escolar	20.491	20.221
Parados titulación de ensino obrigatorio	20.093	18.364
Parados BUP/bacharelato superior/COU	6.340	5.107
Parados formación profesional	7.684	7.463
Parados titulación universitaria e outras titulacións	5.569	5.259
Non parados ata certificado escolar	5.626	5.105
Non parados titulación de ensino obrigatorio	5.915	5.051
Non parados BUP/bacharelato superior/COU	2.705	2.355
Non parados formación profesional	2.748	2.423
Non parados titulación universitaria e outras titulacións	2.397	2.178
Ata certificado escolar	26.117	25.326
Titulación de ensino obrigatorio	26.008	23.415
BUP/bacharelato superior/COU	9.045	7.462
Formación profesional	10.432	9.886
Titulación universitaria e outras titulacións	7.966	7.437
TOTAL	79.568	73.526

As demandas experimentan unha baixada en todas as categorías de titulación. Esta baixada é de -17,5% nos titulados de BUP/bacharelato/COU, de -10% nos titulados de ensino obrigatorio, de -6,6% nos titulados universitarios, de -5,2% nos de formación profesional, e de -3% nos de ata certificado escolar.

A distribución do peso relativo das diferentes titulacións no conxunto das demandas do último ano é de: 34,4% en ata certificado escolar; 31,8% en titulación de ensino obrigatorio; 13,4% en formación profesional; 10,1% nas outras dúas categorías (BUP/bacharelato/COU e titulación universitaria).

Incrementan o seu peso relativo no último ano as categorías de ata certificado escolar, un 1,6%; formación profesional, un 0,3%; e titulación universitaria, un 0,1%. Diminúen o seu peso relativo as demais: -1,2% en BUP/bacharelato/COU e -0,8% en titulación de ensino obrigatorio.

5.3.3.- Demandas por grandes sectores de actividade

TÁBOA 12: Demandantes de traballo da PROVINCIA de PONTEVEDRA por situación laboral e grandes sectores de actividade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados sector primario	1.951	1.964
Parados sector secundario	10.742	9.753
Parados sector construción	5.415	4.991
Parados sector servizos	32.011	31.188
Parados sen emprego anterior	10.058	8.518
Non parados sector primario	606	523
Non parados sector secundario	3.154	2.752
Non parados sector construción	1.481	1.334
Non parados sector servizos	10.714	9.452
Non parados sen emprego anterior	3.436	3.051
Sector primario	2.557	2.487
Sector secundario	13.896	12.505
Sector construción	6.896	6.325
Sector servizos	42.725	40.640
Sen emprego anterior	13.494	11.569
TOTAL	79.568	73.526

As demandas experimentan unha caída no último ano en todos os sectores, destacando o -14,3% nos demandantes sen emprego anterior e o -10% do sector secundario. O sector da construción presenta unha variación anual de -8,3%; o sector servizos de -4,9% e o primario de -2,7%.

Destaca o peso relativo dos demandantes do sector servizos, que ascende ao 55,3% no último ano. O secundario representa o 17%, os demandantes sen emprego anterior o 15,7%, o sector da construción o 8,6%, e o primario o 3,4%.

O peso relativo incrementábase no último ano para o caso das demandas do sector servizos, un 1,6%, e o sector primario, un 0,2%. A variación anual do peso relativo dos demandantes sen emprego anterior é de -1,2%, no sector secundario de -0,5%, e no sector da construción de -0,1%.

5.4.- Contratos

A contratación nesta provincia no último ano medrou o 8,1%, o que supón un incremento maior que a tendencia do quinquenio, do 2,9%.

Os contratos asinados no último ano representan o 39,3% dos efectuados en Galicia. No último ano incrementouse esta representación no 0,6%, pero a tendencia do quinquenio é negativa, do -0,3%.

5.4.1.- Contratación por sexo e idade

**TÁBOA 13: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por sexo.**

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Homes	172.076	166.384	166.858	167.806	179.650
Mulleres	114.207	122.801	129.185	129.984	142.368
TOTAL	286.283	289.185	296.043	297.790	322.018

Para as mulleres prodúcese unha subida na contratación do 9,5% no último ano. Para os homes o crecemento é máis moderado, o 7,1%, sendo superior á tendencia do quinquenio, o 1%; mentres que nas mulleres a diferenza non é tan acusada, pois no quinquenio medran o 5,8%.

No último ano do quinquenio, a contratación masculina na provincia representa o 55,8% mentres que a feminina o 44,2%. Para as mulleres, a variación no último ano é do 0,6% e a tendencia do quinquenio é superior, do 1,1%; para os homes a variación do último ano é de -0,6% e a tendencia do quinquenio é de -1,1%.

**TÁBOA 14: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por intervalos de idade.**

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Menos de 26 anos	105.469	101.979	100.850	99.958	103.402
De 26 a 35 anos	98.260	101.266	105.402	107.739	118.947
De 36 a 45 anos	52.363	53.728	55.875	55.625	61.198
De 46 a 55 anos	23.905	25.740	26.944	26.565	30.010
De 56 ou máis anos	6.286	6.472	6.972	7.903	8.461
TOTAL	286.283	289.185	296.043	297.790	322.018

Os contratos a menores de 26 anos na provincia incrementáronse nun 3,4% no último ano. A tendencia do quinquenio foi lixeiramente descendente, un -0,6%. Para as persoas de 26 a 35 anos, no último ano os contratos ascenderon nun 10,4% e no quinquenio un 5,2%. No caso do grupo de idade de 36 a 45 anos, no último ano a contratación ascendeu nun 10% e a tendencia do quinquenio foi de crecemento moderado, un 3,9%. Os contratos ás persoas de idade comprendida entre os 46 e 55 anos creceron no último ano coa maior intensidade de todos os grupos de idade, cunha variación do 13%; para o quinquenio o ascenso foi do 5,7%. Para as persoas de 56 ou máis anos, no último ano incrementáronse os contratos nun 7,1% e no quinquenio a intensidade de crecemento foi a maior, un 10,5%.

O peso relativo dos contratos a menores de 26 anos é do 32,1%, a súa variación é descendente, do -1,5%, e a tendencia do quinquenio tamén é negativa, do -1,2%. Para as persoas de 26 a 35 anos o seu peso relativo é do 36,9%, a variación é lixeiramente ascendente, o 0,8% e a tendencia do quinquenio é dun incremento do 0,7%. Os contratos ao grupo de idade de 36 a 45 anos representan o 19%, a variación anual é do 0,3% e a tendencia do quinquenio é de crecemento discreto,

o 0,2%. Os contratos ás persoas de 46 a 55 anos representan o 9,3%, a variación anual é do 0,4% e a tendencia do quinquenio é do 0,2%. No caso das persoas de 56 anos e maiores, o peso relativo dos seus contratos é do 2,6%, a variación anual caracterízase pola estabilidade (0%) e a tendencia do quinquenio é apenas superior: 0,1%.

TÁBOA 15: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por sexo e intervalos de idade.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	59.656	43.746	103.402
De 26 a 35 anos	63.713	55.234	118.947
De 36 a 45 anos	33.191	28.007	61.198
De 46 a 55 anos	17.200	12.810	30.010
De 56 ou máis anos	5.890	2.571	8.461
TOTAL	179.650	142.368	322.018

O peso relativo dos contratos realizados aos homes nesta provincia atópase a unha distancia de 2,2 puntos por enriba da porcentaxe galega, do 53,6%. O peso relativo da contratación feminina provincial non acada o valor medio de Galicia, do 46,4%, quedando a unha distancia de -2,2 puntos porcentuais.

Por grupos de idade, os pesos relativos dos contratos asinados polas persoas menores de 26 anos e de 36 a 45 anos supera en 0,3 e 0,1 puntos porcentuais respectivamente os valores medios de Galicia para estas categorías; o peso relativo da contratación realizada ás persoas de 26 a 35 anos, de 46 a 55 anos e de 56 ou máis anos non acada as porcentaxes medias galegas para as categorías, quedando por debaixo destas en -0,2%, -0,1% e -0,1% puntos porcentuais respectivamente.

5.4.2.- Contratación por sectores de actividade

TÁBOA 16: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por sectores de actividade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	9.864	9.396	10.033	10.372	10.676
Electricidade	147	158	140	184	210
Industria	46.521	43.602	40.739	39.150	40.128
Construción	31.787	32.362	34.822	35.338	36.964
Comercio e hostalaría	51.602	54.511	59.709	64.711	69.686
Transporte e comunicacións	45.008	40.415	36.677	38.285	40.898
Outros servizos	101.354	108.741	113.923	109.750	123.456
SECTOR PRIMARIO	9.864	9.396	10.033	10.372	10.676
SECTOR SECUNDARIO	46.668	43.760	40.879	39.334	40.338
SECTOR CONSTRUCCIÓN	31.787	32.362	34.822	35.338	36.964
SECTOR SERVIZOS	197.964	203.667	210.309	212.746	234.040

No último ano todos os sectores experimentan unha variación positiva; son a electricidade, cun 14,1%, e outros servizos, cun 12,5%, os que o fan de forma máis significativa. Agricultura e pesca medra no último ano un 2,9%, industria un 2,5%, construción un 4,6%, comercio e hostalaría un 7,7%, e transporte e comunicacións un 6,8%.

Os sectores de agricultura e pesca, electricidade e construción presentan valores de crecemento da contratación no último ano próximos aos experimentados como tendencia do quinquenio: respectivamente, 2,8%, 12,4% e 4,4%. Os sectores de comercio e hostalaría e outros servizos teñen unha tendencia no quinquenio tamén positiva, pero con valores respectivos de 10,1 e 4,6%. No caso da industria e do sector de transporte e comunicacións, a tendencia no cuadrienio presenta valores negativos de -3,7 e -2,4%, que distan dos valores de crecemento experimentados no último ano.

Os sectores outros servizos e comercio e hostalaría son os que presentan un maior peso relativo con respecto ao total de contratos: o primeiro cun 38,3% e o segundo cun 21,6%. A continuación, ordenados por peso relativo, virían o sector de transporte e comunicacións, cun 12,7%; a industria, cun 12,5%; a construción, cun 11,5% e, con moito menor peso, a agricultura e pesca, cun 3,3% e a electricidade, que representa o 0,1% do total de contratos.

A variación do peso relativo de cada sector, no último ano, presenta valores discretos. O máis positivo é o doutros servizos, cun 1,5% de crecemento. O sector da electricidade mantén os mesmos valores relativos. Os restantes sectores experimentan unha leve caída: comercio e hostalaría cun -0,1, transporte e comunicacións e agricultura e pesca, con valores negativos de -0,2, construción cun 0,4 e industria cun 0,7% de perda de peso relativo no último ano.

A variación do peso relativo de cada sector no último ano segue tendencias moi semellantes ás experimentadas no quinquenio. Vémolo no sector de agricultura e pesca e no de electricidade, onde a tendencia quinquenal é de completa estabilidade (0% de variación); na industria, cunha tendencia do -0,9%; ou na construción, cunha tendencia de 0,1%. Nos tres sectores restantes observamos unha distancia maior entre a tendencia do quinquenio e a variación no último ano: transporte e comunicacións o -0,8%; outros servizos, o 0,7%; e comercio e hostalaría unha tendencia positiva de 0,9%.

**TÁBOA 17: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por sectores de actividade e
sexo.**

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Agricultura e pesca	8.338	2.338	10.676
Electricidade	156	54	210
Industria	25.041	15.087	40.128
Construción	34.914	2.050	36.964
Comercio e hostalaría	25.227	44.459	69.686
Transporte e comunicacións	31.990	8.908	40.898
Outros servizos	53.984	69.472	123.456
SECTOR PRIMARIO	8.338	2.338	10.676
SECTOR SECUNDARIO	25.197	15.141	40.338
SECTOR CONSTRUCCIÓN	34.914	2.050	36.964
SECTOR SERVIZOS	111.201	122.839	234.040

A análise do peso relativo de cada sector na contratación de homes mostra unha importante concentración de contratos no sector outros servizos, cun 30% dos contratos a homes, seguido do sector da construción, cun 19,4%, o sector de transporte e comunicacións, cun 17,8%; o comercio e hostalaría, cun 14%, a industria, cun 13,9%, a agricultura e pesca, cun 4,6%, e a electricidade, cun 0,1% dos contratos a homes.

No caso dos contratos a mulleres, os valores relativos son diferentes: outros servizos concentra case a metade dos contratos, un 48,8%. Destaca tamén o peso do comercio e hostalaría, cun 31,2%. En ambos os casos os valores son moi superiores aos da contratación masculina. Pola contra, os sectores de construción e transporte e comunicacións presentan valores moi inferiores aos da contratación masculina: respectivamente, un 1,4% e un 6,3% dos contratos realizados ás mulleres. Completa a relación, con índices algo menores que os da contratación masculina, o sector da industria, cun 10,6%; a electricidade, cun 0% e a agricultura e pesca, cun 1,6% dos contratos realizados a mulleres.

**TÁBOA 18: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por sectores de actividade e
intervalos de idade.**

	Contratos					
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	TOTAL
Agricultura e pesca	1.776	3.030	3.255	2.202	413	10.676
Electricidade	43	110	37	13	7	210
Industria	12.461	15.451	7.184	3.453	1.579	40.128
Construción	11.060	12.025	7.932	4.498	1.449	36.964
Comercio e hostalaría	26.839	25.071	11.533	4.843	1.400	69.686
Transporte e comunicacións	11.093	13.008	10.066	5.430	1.301	40.898
Outros servizos	40.130	50.252	21.191	9.571	2.312	123.456
SECTOR PRIMARIO	1.776	3.030	3.255	2.202	413	10.676
SECTOR SECUNDARIO	12.504	15.561	7.221	3.466	1.586	40.338
SECTOR CONSTRUCCIÓN	11.060	12.025	7.932	4.498	1.449	36.964
SECTOR SERVIZOS	78.062	88.331	42.790	19.844	5.013	234.040

Os contratos realizados a menores de 26 anos concéntranse de forma significativa nos sectores doutros servizos, un 38,8%, e comercio e hostalaría, un 26%. A industria, a construción e o sector de transporte e comunicacións presentan pesos relativos semellantes na contratación deste colectivo: 12,1%, 10,7% e 10,7% respectivamente. A agricultura e pesca supón só o 1,7% das contratacións de menores de 26 anos e a electricidade non ten peso relativo significativo.

O colectivo de 26 a 35 anos rexistra unha distribución parella á anterior, aínda que con maior peso do sector outros servizos, un 42,2%, fronte a un peso algo menor de comercio e hostalaría: un 21,1%. Séguelles a industria, cun 13%; o sector

de transporte e comunicacións, cun 10,9%; a construción, cun 10,1%; e, a maior distancia, a agricultura e pesca, cun 2,5%, e a electricidade, con apenas un 0,1%.

Os contratos realizados ao colectivo entre 36 e 45 anos distribúense noutra orde, segundo o peso relativo de cada sector. Seguen a ser predominantes os contratos no sector outros servizos e comercio e hostalaría, aínda que con valores inferiores aos rexistrados nos colectivos de menor idade: un 34,6% e 18,8%, respectivamente. A continuación destaca o peso do sector de transporte e comunicacións, cun 16,4%; así como o do sector da construción cun 13%. A industria fornece o 11,7% do contratos a este colectivo; a agricultura e pesca o 5,3% e a electricidade o 0,1%.

Conforme avanzamos na idade, segue a perder peso a contratación no sector outros servizos, por máis que se mantén sempre como o sector con máis volume de contratación en todos os grupos. Para o caso do colectivo entre 46 e 55 anos, este peso relativo é do 31,9%. O segundo lugar en importancia para este colectivo ocúpao o sector de transporte e comunicacións, cun 18,1%. O comercio e hostalaría representa un 16,1%, a construción o 15% e a industria o 11,5%. Destaca, a continuación, o peso relativo da agricultura e pesca, cun 7,3%. O sector eléctrico non ten un peso importante.

As persoas de 56 ou máis anos foron contratadas nun 27,3% dos casos no sector outros servizos. Para industria o valor é de 18,7%; para construción, un 17,1%; para comercio e hostalaría, un 16,5%; e para transporte e comunicacións o valor é de 15,4%. Con menor peso, os contratos en agricultura e pesca representan un 4,9% e os do sector da electricidade apenas un 0,1%.

5.4.3.- Contratación por tipos de contrato

TÁBOA 19: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por tipos de contrato.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Indefinido tempo completo	19.313	18.851	19.124	19.877	21.556
Indefinido tempo parcial	2.995	4.507	4.406	4.475	4.755
Temporal	154.264	205.254	207.673	201.528	216.507
Temporal tempo parcial	90.705	46.223	52.043	58.958	66.605
Prácticas/Formación	6.773	7.914	7.582	7.721	7.409
Outros	12.233	6.436	5.215	5.231	5.186
TOTAL	286.283	289.185	296.043	297.790	322.018

A contratación indefinida a tempo completo ascende no último ano un 8,4%, mentres que no quinquenio este aumento é máis moderado, do 3%. Os contratos indefinidos a tempo parcial incrementáanse no último ano o 6,3% á vez que se trata da modalidade que máis crecemento relativo experimenta no quinquenio: 11%. A contratación temporal a tempo completo medra no último ano un 7,4% e a tendencia do quinquenio é do 7,5%. Os contratos temporais a tempo parcial constitúen a modalidade que máis medra no último ano, o 13%; pola contra, a tendencia do quinquenio é negativa, xa que descenden o -4,8%. Os contratos en prácticas/formación experimentaron o maior descenso no último ano: -4%, pero a tendencia é positiva para o quinquenio: 1,5%. As outras formas de contratación baixaron no último ano o -0,9%, o que supón unha intensidade menor que a da tendencia do quinquenio: -13,4%.

O peso relativo dos contratos indefinidos a tempo completo é do 6,7%; producíndose estabilidade no último ano e no quinquenio, o 0%. Os contratos indefinidos a tempo parcial representan o 1,5%; o seu peso relativo mantívose no último ano, o 0%, e no quinquenio produciuse un leve crecemento, o 0,1%. Os contratos temporais a tempo completo son os que representan o maior peso relativo, do 67,2%; no último ano o peso descendeu discretamente, un -0,4%, pero este peso é positivo na tendencia do quinquenio, o 3,3%. Os contratos temporais a tempo parcial representan o 20,7%; no último ano o seu peso relativo aumentou nun 0,9% e no quinquenio descendeu o -2,8%. Os contratos en prácticas/formación na provincia representan o 2,3%; este peso relativo descendeu o -0,3% e a tendencia do quinquenio é de estabilidade, do 0%. Por último, outros tipos de contratos representan o 1,6%; no último ano este peso relativo descendeu discretamente, o -0,1%, e a tendencia do quinquenio é de descenso, do -0,7%.

TÁBOA 20: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por tipos de contrato e sexo.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Indefinido tempo completo	13.857	7.699	21.556
Indefinido tempo parcial	1.465	3.290	4.755
Temporal	130.891	85.616	216.507
Temporal tempo parcial	24.412	42.193	66.605
Prácticas/Formación	4.397	3.012	7.409
Outros	4.628	558	5.186
TOTAL	179.650	142.368	322.018

Na modalidade de contratación indefinida a tempo completo, predominan os contratos asinados por homes nunha porcentaxe do 64,3%, superior en 8,5 puntos porcentuais á media total masculina, do 55,8%. No caso dos contratos indefinidos a tempo parcial, son as mulleres as que asinan a maior parte desta modalidade: 69,2%, superando en 25 puntos porcentuais a media total feminina, do 44,2%. Para os contratos temporais a tempo completo, os homes representan o 60,5%, o que

supón 4,7 puntos porcentuais enriba da media total para os homes. Nos contratos temporais a tempo parcial, as mulleres representan o 63,3%, dato que supera en 19,1 puntos porcentuais a media total das mulleres. Paras os contratos en prácticas/formación, os realizados a homes ascenden ao 59,3%, supoñendo 3,5 puntos porcentuais enriba da media total dos homes. Para outros tipos de contratos, os asinados por homes son o 89,2%, o que representa 33,4 puntos porcentuais enriba da media total masculina. Obsérvase que as mulleres predominan en todos aqueles tipos de contratación que implican xornadas a tempo parcial.

**TÁBOA 21: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por tipos de contrato e
intervalos de idade.**

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Indefinido tempo completo	4.573	9.284	4.503	2.486	710	21.556
Indefinido tempo parcial	1.383	1.856	899	461	156	4.755
Temporal	65.518	80.957	43.331	21.362	5.339	216.507
Temporal tempo parcial	25.416	24.210	10.747	4.503	1.729	66.605
Prácticas/Formación	6.040	1.076	202	80	11	7.409
Outros	472	1.564	1.516	1.118	516	5.186
TOTAL	103.402	118.947	61.198	30.010	8.461	322.018

Na modalidade de contratación indefinida a tempo completo, predominan as persoas de 26 a 35 anos, co 43,1% dos contratos, 6,2 puntos porcentuais enriba da media total para este grupo de idade, de 36,9%; séguenlles as persoas menores de 26 anos, co 21,2% e as persoas de 36 a 45 anos, co 20,9%.

Para os contratos indefinidos a tempo parcial, predominan as persoas de 26 a 35 anos, co 39% dos contratos, superando en 2,1 puntos porcentuais a media total; séguenlles as persoas menores de 26 anos, co 29,1%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 18,9%.

En canto aos contratos temporais a tempo completo, as persoas de 26 a 35 anos representan o 37,4%, 0,5 puntos porcentuais enriba da media total; séguenlle as persoas menores de 26 anos, co 30,3%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 20%.

Na contratación temporal a tempo parcial predominan os menores de 26 anos, co 38,2%, supoñendo 6,1 puntos porcentuais por enriba da media total para este grupo de idade, do 32,1%; séguenlle as persoas de 26 a 35 anos, co 36,3%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 16,1%.

Nos contratos en prácticas/formación hai un gran predominio das persoas menores de 26 anos, co 81,5% da contratación, o que supera en 49,4 puntos porcentuais a media total; a moita distancia atópanse as persoas de 26 a 35 anos, co 14,5%, e as persoas de 36 a 45 anos, co 2,7%.

As outras modalidades de contratación son máis frecuentes entre as persoas de 26 a 35 anos, co 30,2%, 6,7 puntos porcentuais por baixo da media total. Moi próximas aparecen as persoas de 36 a 45 anos, co 29,2%, e despois as de 46 a 55 anos, co 21,6%.

TÁBOA 22: Contratos da PROVINCIA de PONTEVEDRA por tipos de contrato e sectores de actividade.

	Contratos							
	Agricultura e pesca	Electricidade	Industria	Construción	Comercio e hostalaría	Transporte e comunicacións	Outros servizos	TOTAL
Indefinido tempo completo	2.109	26	4.085	2.873	6.373	1.915	4.175	21.556
Indefinido tempo parcial	43	6	521	135	2.231	221	1.598	4.755
Temporal	8.155	159	29.797	30.764	37.442	36.472	73.718	216.507
Temporal tempo parcial	258	14	4.236	1.459	21.427	2.194	37.017	66.605
Prácticas/Formación	48	X	1.408	1.716	2.124	92	2.016	X
Outros	63	0	81	17	89	X	4.932	X
TOTAL	10.676	X	40.128	36.964	69.686	X	123.456	322.018

Os contratos indefinidos a tempo completo son máis frecuentes no comercio e hostalaría, co 29,6%; séguenlles os outros servizos, co 19,4%, e a industria, co 19%. Os contratos indefinidos a tempo parcial inciden especialmente no comercio e hostalaría, co 46,9%; logo están os outros servizos, co 33,6%, e a industria, co 11%. Os contratos temporais a tempo completo son asinados maioritariamente nos outros servizos, co 34%; despois aparecen o comercio e hostalaría, co 17,3%, e o transporte e comunicacións, co 16,8%. Os contratos temporais a tempo parcial son máis frecuentes nos outros servizos, co 55,6%, seguidos do comercio e hostalaría, co 32,2%. Os contratos en prácticas/formación destacan no comercio e hostalaría, co 28,7%, e nos outros servizos, co 27,2%; despois temos os contratos na construción co 23,2%. Por último, as outras formas de contratación sobresaen nos outros servizos, co 95,1%. Para todas as modalidades de contratación as porcentaxes máis baixas teñen lugar no sector da electricidade.

5.4.4.- Contratación por ocupacións

**TÁBOA 23: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por grupo de ocupación.**

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Dirección de empresas e de administracións públicas	441	520	591	664	769
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	24.502	27.691	27.747	19.095	21.274
Técnicos e profesionais de apoio	12.890	14.297	16.329	18.708	20.391
Empregados de tipo administrativo	23.803	23.556	25.388	25.287	27.676
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	42.780	46.331	50.920	56.140	64.952
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	5.291	5.573	6.075	6.399	6.510
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	43.865	45.867	46.596	47.881	50.608
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	37.978	34.501	30.215	24.734	22.818
Traballadores non cualificados	94.733	90.849	92.182	98.882	107.020
TOTAL	286.283	289.185	296.043	297.790	322.018

A contratación experimenta un crecemento no último ano en todos os grupos de ocupación salvo no de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, que presenta un decrecemento de -7,7%. Entre os restantes valores destaca o crecemento da contratación no grupo de dirección de empresas e de administracións públicas, cun 15,8%, e no grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 15,7%. A contratación medra coas porcentaxes seguintes: no grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 11,4%; no grupo de empregados de tipo administrativo, cun 9,4%; no grupo de técnicos e profesionais de apoio, cun 9%; no grupo de traballadores non cualificados, cun 8,2%; e en menor medida no grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 5,7%, e no de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 1,7%.

As variacións anuais na contratación en cada un dos grupos ocupacionais mostran valores diferenciados da súa tendencia no quinquenio. O caso máis homólogo é o do grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, que experimenta unha tendencia no quinquenio de crecemento do 15,1%, só seis décimas por debaixo da súa variación anual. Ademais do grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, que presenta unha tendencia quinquenal de -9,5%, 1,8 décimas por debaixo da súa variación anual, existe outro grupo con tendencia quinquenal negativa: o de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun -5,3% que contrasta coa súa variación positiva de 11,4% no último ano. Dentro dos restantes grupos ocupacionais, a variación anual é menor que a tendencia quinquenal nos seguintes: dirección de empresas e de administracións públicas, con tendencia quinquenal de 22,4%; técnicos e profesionais de apoio, con tendencia de 18,1% que duplica a súa variación anual; e o grupo de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, que presenta unha destacable tendencia positiva no quinquenio, cun 6,5% de crecemento. Pola contra, nos restantes grupos ocupacionais o crecemento da contratación no último ano é maior que a súa tendencia quinquenal: os contratos a empregados de tipo administrativo mostran un crecemento durante o quinquenio de 4,2%, menos da metade que a súa variación anual; tamén é menor da metade a tendencia quinquenal dos contratos

a traballadores non cualificados, un 3,8%; finalmente, o grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, mostra unha tendencia quinquenal de 3,7% fronte a unha variación anual de 5,7%.

No último ano, o conxunto de contratacións concéntrase significativamente en tres grupos de ocupación: traballadores non cualificados, cun 33,2% dos contratos; traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 20,2%; e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 15,7%. Catro grupos ocupacionais ofrecen un peso relativo na contratación de entre 6 e 9 puntos porcentuais: empregados de tipo administrativo, un 8,6%; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, un 7,1%; técnicos e profesionais científicos e intelectuais, un 6,6%; e técnicos e profesionais de apoio, cun 6,3% dos contratos realizados na provincia o último ano. Menos significativo é o peso relativo dos grupos de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 2% e de dirección de empresas e de administracións públicas, cun 0,2%.

O peso relativo de cada grupo de ocupación no que respecta ao volume de contratos aparece estable no último ano para os grupos de: dirección de empresas e de administracións públicas, técnicos e profesionais de apoio e traballadores non cualificados. Nestes tres grupos a estabilidade obsérvase tamén na tendencia do quinquenio, salvo para o de técnicos e profesionais de apoio, cunha tendencia de aumento do seu peso relativo en 0,5%. O grupo que experimenta un maior crecemento do seu peso relativo na contratación é o de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cunha variación anual de 1,3% e unha tendencia quinquenal semellante. Pola contra, o grupo que perde maior peso relativo é o de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cun -1,2% de variación anual que se corresponde cun -1,5% na súa tendencia quinquenal. Outros dous grupos presentan variación anual de signo negativo: traballadores cualificados na agricultura e na pesca, con -0,1%; e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría. No primeiro caso a pauta é case igual no quinquenio, 0%; pero no segundo a pauta quinquenal é positiva, un 0,5%. O comportamento dos dous grupos restantes é o seguinte: moi moderado crecemento do peso relativo da contratación no grupo de empregados de tipo administrativo, cunha variación anual e unha tendencia quinquenal iguais, de 0,1%; e crecemento da variación anual en 0,2% para o grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, que, porén, presenta unha tendencia negativa de -0,5%.

**TÁBOA 24: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por grupos de ocupación e
sexo.**

	Homes	Contratos Mulleres	TOTAL
Dirección de empresas e de administracións públicas	501	268	769
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	10.978	10.296	21.274
Técnicos e profesionais de apoio	10.489	9.902	20.391
Empregados de tipo administrativo	7.752	19.924	27.676
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	18.002	46.950	64.952
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	4.850	1.660	6.510
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	39.000	11.608	50.608
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	18.649	4.169	22.818
Traballadores non cualificados	69.429	37.591	107.020
TOTAL	179.650	142.368	322.018

No volume total de contratos na provincia, o 55,8% corresponden a homes e o 44,2% a mulleres. En función das desviacións con respecto a esta referencia global imos diferenciar os grupos de ocupación con maior peso da contratación a mulleres daqueles con maior peso da contratación a homes. Son cinco os grupos ocupacionais onde a contratación a homes supera a referencia global. De entre eles, tres destacan por acadar porcentaxes de contratación a homes maiores do 74%: operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cun 81,7%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 77,1%; e traballadores cualificados na agricultura e na pesca, grupo no que o 74,5% dos contratos son realizados a homes. Os grupos de dirección de empresas e de administracións públicas e de traballadores non cualificados tamén presentan significativas porcentaxes de contratación masculina, do 65,1% e 64,9%, respectivamente.

Pola súa parte, son catro os grupos ocupacionais nos que o nesgo da contratación cae para o sexo feminino. De entre eles, destacan dous grupos, o de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio e o de empregados de tipo administrativo, nos que a contratación á mulleres supón o 72,3% e o 72%, respectivamente, do total de contratos. Valores tamén superiores, aínda que máis próximos á referencia global, presentan os grupos de técnicos e profesionais de apoio e de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, nos que a contratación de mulleres supón respectivamente o 48,6% e o 48,4% dos contratos.

**TÁBOA 25: Contratos da
PROVINCIA de PONTEVEDRA
por grupos de ocupación e
intervalos de idade.**

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Dirección de empresas e de administracións públicas	52	323	249	99	46	769
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	4.118	10.608	3.902	1.900	746	21.274
Técnicos e profesionais de apoio	6.338	8.857	3.296	1.501	399	20.391
Empregados de tipo administrativo	9.817	12.739	3.601	1.189	330	27.676
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	26.557	23.474	9.712	4.092	1.117	64.952
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	858	1.913	2.244	1.318	177	6.510
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	13.891	15.975	11.744	6.818	2.180	50.608
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	5.939	8.899	5.088	2.149	743	22.818
Traballadores non cualificados	35.832	36.159	21.362	10.944	2.723	107.020
TOTAL	103.402	118.947	61.198	30.010	8.461	322.018

Os contratos a menores de 26 anos supoñen o 32,1% dos contratos totais na provincia. Existen, porén, algúns grupos ocupacionais, onde os contratos a menores de 26 anos superan esta porcentaxe. Destaca especialmente o grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, no que o 40,9% dos contratos se realizan a este colectivo de idade. Tamén supera a referencia global o grupo de empregados de tipo administrativo, cun 35,5%, e o de traballadores non cualificados, cun 33,5%. En sentido inverso, os grupos ocupacionais onde o peso da contratación a menores de 26 anos é inequivocamente baixo son: dirección de empresas e de administracións públicas, con só un 6,8% dos contratos realizados a menores de 26 anos; traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 13,2%; técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 19,4%; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cun 26%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 27,4%; e, por último, técnicos e profesionais de apoio, cun valor máis próximo á referencia global, o 31,1%.

Os contratos a persoas entre 26 e 35 anos supoñen o 36,9% da contratación global. Todos os grupos ocupacionais van concentrar neste colectivo porcentaxes de contratación de entre 31% e 50%, o que indica valores relativamente próximos á referencia global. Destacan, polo tanto, os valores altos que se corresponden cos seguintes grupos de ocupación: técnicos e profesionais científicos e intelectuais, no que o 49,9% dos contratos recaen neste colectivo de idade; empregados de tipo administrativo, cun 46%; técnicos e profesionais de apoio, cun 43,4%; dirección de empresas e de administracións públicas, cun 42%; e operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cun 39% dos contratos. Os grupos ocupacionais onde a porcentaxe de contratación a persoas entre 26 e 35 anos se sitúa por debaixo da cifra de referencia global para este colectivo son: traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 29,4%; artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 31,6%; e o grupo de traballadores non cualificados, no que o 33,8% dos contratos se realiza a persoas deste grupo de idade.

Os contratos a persoas de entre 36 e 45 anos representan o 19% do volume de contratación provincial. Nos diferentes grupos de ocupación esta porcentaxe sitúase entre o 13 e o 35%. Os valores máis altos son os dos grupos de: traballadores cualificados na agricultura e na pesca, un 34,5%; e dirección de empresas e de administracións públicas, un 32,4%. Os grupos ocupacionais con valores máis baixos son: empregados de tipo administrativo, un 13%; traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, un 15%; e técnicos e profesionais de apoio, un 16,2%. Os valores máis próximos á

referencia global son para os grupos ocupacionais de: técnicos e profesionais científicos e intelectuais, un 18,3%; traballadores non cualificados, un 20%; e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, no que o 23,2% do total de contratos se realiza a persoas de entre 36 e 45 anos.

As persoas de 46 a 55 anos son obxecto do 9,3% da contratación na provincia. Porén, acadan unha porcentaxe moito máis alta nos contratos do grupo ocupacional de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, onde subscriben o 20,2% dos contratos. Presentan unha contratación algo superior á referencia global nos grupos de dirección de empresas e de administracións públicas, cun 12,9%, e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 10,2%. Pola contra, teñen un peso menor nos grupos ocupacionais de: empregados de tipo administrativo, cun 4,3%; traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 6,3%; técnicos e profesionais de apoio, cun 7,4%; e técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 8,9%. No grupo de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores representan o 9,4% dos contratos.

Só o 2,6% do total de contratos se realiza a persoas de máis de 55 anos. En relación con este referente global, destaca a porcentaxe de contratos correspondentes ao grupo de ocupación de dirección de empresas e de administracións públicas, que ascende ao 6%. Con valores máis discretos tamén se sitúan por enriba do referente os contratos nos grupos de: artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 4,3%; técnicos e profesionais científicos e intelectuais, cun 3,5%; e operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cun 3,3%. Moi próxima á referencia é a porcentaxe de contratos para o grupo de traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 2,7%; así como o de traballadores non cualificados, cun 2,5%. Os grupos onde a contratación a maiores de 55 anos é inequivocamente menor son: empregados de tipo administrativo, cun 1,2%; traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 1,7%; e técnicos e profesionais de apoio, cun 2%.

5.5.- Formación ocupacional

TÁBOA 26: Número de alumnos e cursos de formación ocupacional da PROVINCIA de PONTEVEDRA por familias profesionais.

	Cursos		Alumnos	
	Núm.	%	Núm.	%
Agraria	9	1,4	129	1,2
Administración e oficinas	57	8,8	933	8,7
Artesanía	4	0,6	63	0,6
Automoción	13	2,0	207	1,9
Comercio	25	3,8	393	3,6
Docencia e investigación	6	0,9	96	0,9
Servizos ás empresas	272	41,8	4640	43,1
Edificación e obras públicas	34	5,2	724	6,7
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	13	2,0	180	1,7
Industrias alimentarias	6	0,9	93	0,9
Industrias gráficas	1	0,2	12	0,1
Información e manifestacións artísticas	7	1,1	117	1,1
Industria pesada e construcións metálicas	21	3,2	313	2,9
Industrias químicas	2	0,3	30	0,3
Industrias téxtiles	4	0,6	66	0,6
Industrias da madeira e a cortiza	10	1,5	170	1,6
Montaxe e instalación	12	1,8	207	1,9
Mantemento e reparación	14	2,2	233	2,2
Produción transferencia e distribución de enerxía e auga	3	0,5	42	0,4
Sanidade	45	6,9	659	6,1
Seguros e finanzas	20	3,1	311	2,9
Servizos á comunidade e persoais	22	3,4	349	3,2
Transportes e comunicacións	31	4,8	486	4,5
Turismo e hostalaría	20	3,1	318	3,0

A familia profesional dos servizos ás empresas destaca por concentrar o 41,8% dos cursos de formación profesional impartidos na provincia, así como o 43,1% do alumnado; séguelle, a bastante distancia, a familia profesional de administración de oficinas, co 8,8% dos cursos e o 8,7% do alumnado. As familias profesionais menos representadas son as industrias gráficas, co 0,2% dos cursos e o 0,1% do alumnado, e as industrias químicas, co 0,3% dos cursos e o 0,3% do alumnado.



COMARCA da PARADANTA

5.1.- Indicadores

5.1.1.- Tecido empresarial

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Empresas	376	44	+2,5	40
Autónomos	667	44	+6,8	40
Asalariados	1.925	45	+4,0	18

5.1.2.- Demandas

	Número	Posición	Peso %	Posición
Parados mulleres	421	38	52,2	43
Parados menores de 26 anos	116	35	14,4	17
Parados de longa duración >=26 anos	347	36	43,1	27

	Número	Posición	Var. ult. %	Posición
Demandas de parados	806	37	-11,4	46
Demandas de non parados	173	43	+0,6	13
Demandas totais	979	37	-9,5	44

5.1.3.- Contratos

	Número	Posición	Peso %	Posición
Contratos a mulleres	1.106	46	37,2	42
Contratos a menores de 26 anos	828	40	27,9	37
Contratos na industria	236	41	15,9	17
Contratos na construción	359	38	24,2	9
Contratos no comercio e hostalaría	299	41	20,1	25
Contratos no transporte e comunicacións	58	43	3,9	39
Contratos noutros servizos	471	41	31,7	34

	Número	Posición	Var. qui. %	Posición
Contratos indefinidos t. completo	111	43	-10,5	49
Contratos indefinidos t. parcial	26	40	+13,0	27
Contratos temporais	933	40	+18,7	3
Contratos temporais t. parcial	263	38	+4,0	44
Contratos prácticas/formación	57	45	+29,5	11
Contratos outros	95	39	+13,1	17
Contratos totais	1.485	43	+13,0	6

5.1.4.- Ocupacións máis demandadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	434	404
Peóns de industrias manufactureiras	263	229
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	246	214
Peóns da construción de edificios	155	139
Peóns do transp. e descargadores	130	120
Asistentes domiciliarios	111	109
Empregados para o coidado de nenos	83	107
Camareiros, barmans e asimilados	126	99
Albaneis e canteiros	126	93
Taquígrafos e mecanógrafos	101	79

5.1.5.- Ocupacións máis demandadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns da construción de edificios	137
Peóns de industrias manufactureiras	114
Albaneis e canteiros	93
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	57
Peóns do transp. e descargadores	54
Trab. en formigón armado, enfusadores, ferrallistas	49
Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas	45
Condutores de camións	38
Camareiros, barmans e asimilados	36
Trab. cualif. por c. allea en hortas, viveiros e xardíns	36

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	376
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	190
Peóns de industrias manufactureiras	115
Asistentes domiciliarios	108
Empregados para o coidado de nenos	106
Taquígrafos e mecanógrafos	71
Empregados do fogar	67
Peóns do transp. e descargadores	66
Camareiros, barmans e asimilados	63
Auxs. de enfermaría hospitalaria	49

5.1.6.- Ocupacións máis contratadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	100	101
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	55	68
Camareiros, barmans e asimilados	58	64
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	49	54
Albaneis e canteiros	48	50
Peóns da construción de edificios	37	37
Compositores, músicos e cantantes	36	36
Taquígrafos e mecanógrafos	55	36
Condutores de camións	36	28
Peóns forestais	25	27

5.1.7.- Ocupacións máis contratadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	69
Albaneis e canteiros	48
Peóns da construción de edificios	36
Compositores, músicos e cantantes	31
Condutores de camións	28
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	22
Peóns forestais	20
Camareiros, barmans e asimilados	19
Tronzadores, labrantes e gravadores de pedras	16
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	15

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	62
Camareiros, barmans e asimilados	45
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	39
Peóns de industrias manufactureiras	32
Taquígrafos e mecanógrafos	24
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	20
Outros auxs. administrativos con tarefas de atención ao púb.	12
Asistentes domiciliarios	9
Empregados de contabilidade e cálculo de nóminas e salarios	8
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza	8

5.2.- Tecido empresarial

5.2.1.- Empresas

TÁBOA 1: Empresas da
COMARCA da PARADANTA por
sectores de actividade.

	Empresas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	50	45
Electricidade	3	3
Industria	58	52
Construción	59	69
Comercio e hostalaría	109	112
Transporte e comunicacións	16	18
Outros servizos	72	77
SECTOR PRIMARIO	50	45
SECTOR SECUNDARIO	61	55
SECTOR CONSTRUCCIÓN	59	69
SECTOR SERVIZOS	197	207
TOTAL	367	376

As empresas dos sectores primario e secundario descendieron no último ano o -9,9% e o -10,2% respectivamente, minguas que se atopan entre as de maior intensidade no conxunto das comarcas; para a construción, destaca o incremento do 16,9% por superar a media galega.

O peso relativo das empresas dos sectores primario e secundario sobresaíe por descender no último ano o -1,6% e o -2% respectivamente; o peso relativo da construción creceu o 2,3%, por enriba da media galega.

5.2.2.- Traballadores autónomos

TÁBOA 2: Traballadores autónomos da COMARCA da PARADANTA por sectores de actividade.

	Autónomos	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	15	17
Electricidade	0	0
Industria	50	56
Construción	111	119
Comercio e hostalaría	322	345
Transporte e comunicacións	61	61
Outros servizos	66	69
SECTOR PRIMARIO	15	17
SECTOR SECUNDARIO	50	56
SECTOR CONSTRUCCIÓN	111	119
SECTOR SERVIZOS	449	475
TOTAL	624	667

Nesta comarca destaca o incremento do número de traballadores autónomos do sector secundario no último ano, do 12,2%; os autónomos dos outros servizos creceron o 4%, o que supón un dos aumentos máis moderados.

O peso relativo dos autónomos do sector secundario creceu o 0,4%, por enriba da media galega, mentres que o dos autónomos dos servizos destaca por descender o -0,7%; dentro dos servizos, o peso relativo dos autónomos do transporte e comunicacións retrocede -0,6% e o dos autónomos dos outros servizos o -0,3%.

5.2.3.- Traballadores asalariados

TÁBOA 3: Traballadores asalariados da COMARCA da PARADANTA por sectores de actividade.

	Asalariados	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	368	353
Electricidade	4	4
Industria	421	429
Construción	362	393
Comercio e hostalaría	271	277
Transporte e comunicacións	45	48
Outros servizos	380	421
SECTOR PRIMARIO	368	353
SECTOR SECUNDARIO	425	433
SECTOR CONSTRUCCIÓN	362	393
SECTOR SERVIZOS	697	747
TOTAL	1.852	1.925

5.3.- Demandas

5.3.1.- Demandas por situación laboral, sexo e idade

TÁBOA 4: Demandantes de traballo da COMARCA da PARADANTA por situación laboral.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados	910	806
Non parados, ocupados	82	97
Non parados, desempregados	77	66
Non parados, traballadores agrarios	13	10
PARADOS	910	806
NON PARADOS	172	173
TOTAL	1.082	979

TÁBOA 5: Demandantes de traballo da COMARCA da PARADANTA por situación laboral e sexo.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, homes	433	385
Parados, mulleres	477	421
Non parados, homes	74	79
Non parados, mulleres	98	94
HOMES	507	464
MULLERES	575	515
TOTAL	1.082	979

TÁBOA 6: Demandantes de traballo da COMARCA da PARADANTA por situación laboral e idade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, menores de 26 anos	136	116
Parados, entre 26 e 35 anos	253	206
Parados, entre 36 e 45 anos	225	182
Parados, entre 46 e 55 anos	153	159
Parados, de 56 ou máis anos	143	143
Non parados, menores de 26 anos	42	27
Non parados, entre 26 e 35 anos	38	41
Non parados, entre 36 e 45 anos	39	42
Non parados, entre 46 e 55 anos	25	24
Non parados, de 56 ou máis anos	28	39
Menores de 26 anos	178	143
Entre 26 e 35 anos	291	247
Entre 36 e 45 anos	264	224
Entre 46 e 55 anos	178	183
De 56 ou máis anos	171	182
TOTAL	1.082	979

Na comarca destaca o descenso de demandantes de traballo entre as persoas de 36 a 45 anos, do -15,2%, por atoparse entre os máis importantes de Galicia para este grupo de idade. No caso dos demandantes de traballo parados sobresaen os descensos das persoas de 26 a 35 anos, do -18,6% e das persoas de 36 a 45 anos, do -19,1%. Para os demandantes de traballo non parados destaca o

retroceso dos menores de 26 anos, do -35,7%, e o incremento das persoas de 56 ou máis anos, do 39,3%.

Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	509	421	246	111	30	1.317
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	33	40	18	12	X	X
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	752	717	620	336	93	2.518
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	257	431	254	95	36	1.073
Traballadores non cualificados	666	585	433	215	46	1.945
TOTAL	X	3.062	1.880	949	X	8.894

5.5.- Formación ocupacional

TÁBOA 26: Número de alumnos e cursos de formación ocupacional da COMARCA de DEZA por familias profesionais.

	Cursos		Alumnos	
	Núm.	%	Núm.	%
Agraria	2	4,1	29	3,7
Administración e oficinas	2	4,1	35	4,4
Automoción	4	8,2	60	7,6
Comercio	2	4,1	36	4,6
Servizos ás empresas	13	26,5	199	25,3
Edificación e obras públicas	9	18,4	155	19,7
Industrias téxtiles	1	2,0	18	2,3
Sanidade	5	10,2	85	10,8
Seguros e finanzas	1	2,0	16	2,0
Servizos á comunidade e persoais	2	4,1	28	3,6
Transportes e comunicacións	8	16,3	126	16,0

A maior parte da formación ocupacional da comarca concéntrase na familia profesional dos servizos ás empresas, co 26,5% dos cursos e o 25,3% do alumnado. Pola contra, a familia profesional cunha menor presenza é a de seguros e finanzas, co 2% dos cursos e o 2% do alumnado.



COMARCA do MORRAZO

5.1.- Indicadores

5.1.1.- Tecido empresarial

	Número	Posición	Var. ult. %	Posición
Empresas	2.943	9	+3,8	22
Autónomos	4.407	10	+7,7	32
Asalariados	14.249	9	+5,0	4

5.1.2.- Demandas

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Demandas de parados	4.880	9	-9,2	41
Demandas de non parados	1.588	9	-18,6	45
Demandas totais	6.468	9	-11,7	48

	Número	Posición	Peso %	Posición
Parados mulleres	3.223	9	66,0	5
Parados menores de 26 anos	773	9	15,8	11
Parados de longa duración >=26 anos	1.784	10	36,6	45

5.1.3.- Contratos

	Número	Posición	Peso %	Posición
Contratos a mulleres	19.446	10	33,8	51
Contratos a menores de 26 anos	17.218	9	30,0	27
Contratos na industria	3.641	8	12,7	24
Contratos na construción	2.114	13	7,4	52
Contratos no comercio e hostalaría	3.484	10	12,1	51
Contratos no transporte e comunicacións	13.035	2	45,4	1
Contratos noutros servizos	4.567	12	15,9	53

	Número	Posición	Var. qui. %	Posición
Contratos indefinidos t. completo	1.210	10	+6,2	37
Contratos indefinidos t. parcial	261	9	+3,2	36
Contratos temporais	23.562	7	+6,2	24
Contratos temporais t. parcial	3.020	9	+12,1	26
Contratos prácticas/formación	523	10	+21,3	13
Contratos outros	159	29	-21,7	46
Contratos totais	28.735	9	+6,8	27

5.1.4.- Ocupacións máis demandadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	2.355	2.084
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	2.086	1.989
Peóns de industrias manufactureiras	1.321	1.127
Taquígrafos e mecanógrafos	962	872
Matachíns e traballadores das industrias cármicas e do peixe	581	546
Peóns do transp. e descargadores	613	528
Caixeiros (agás bancos e correos)	436	437
Empregados para o coidado de nenos	497	423
Camareiros, barmans e asimilados	446	414
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	303	385

5.1.5.- Ocupacións máis demandadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	318
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	224
Peóns da construción de edificios	217
Peóns do transp. e descargadores	191
Albaneis e canteiros	186
Pescador por c. allea de altura	185
Taquígrafos e mecanógrafos	169
Soldadores e oxicortadores	155
Chapistas e caldeiros	154
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	137

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	2.011
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	1.852
Peóns de industrias manufactureiras	809
Taquígrafos e mecanógrafos	703
Matachíns e traballadores das industrias cármicas e do peixe	538
Empregados para o coidado de nenos	420
Caixeiros (agás bancos e correos)	410
Peóns do transp. e descargadores	337
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	316
Trab. conserveiras de froitas e verduras	316

5.1.6.- Ocupacións máis contratadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	382	386
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	298	342
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	256	279
Taquígrafos e mecanógrafos	308	265
Camareiros, barmans e asimilados	199	217
Albaneis e canteiros	141	148
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	122	144
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	151	135
Peóns do transp. e descargadores	95	120
Condutores de camións	88	118

5.1.7.- Ocupacións máis contratadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	231
Albaneis e canteiros	138
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	128
Condutores de camións	113
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	97
Camareiros, barmans e asimilados	85
Peóns do transp. e descargadores	85
Peóns da construción de edificios	84
Soldadores e oxicortadores	83
Chapistas e caldeiros	83

	Mulleres III-05 a II-06
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	245
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	223
Taquígrafos e mecanógrafos	199
Peóns de industrias manufactureiras	155
Camareiros, barmans e asimilados	132
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	89
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	86
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza	73
Secretarios administrativos e asimilados	55
Caixeiros (agás bancos e correos)	54

5.2.- Tecido empresarial

5.2.1.- Empresas

*TÁBOA 1: Empresas da
COMARCA do MORRAZO por
sectores de actividade.*

	Empresas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	537	528
Electricidade	2	2
Industria	279	284
Construción	496	513
Comercio e hostalaría	880	918
Transporte e comunicacións	73	81
Outros servizos	568	617
SECTOR PRIMARIO	537	528
SECTOR SECUNDARIO	281	286
SECTOR CONSTRUCCIÓN	496	513
SECTOR SERVIZOS	1.521	1.616
TOTAL	2.835	2.943

Na comarca aparece como feito salientable a diminución do peso relativo das empresas do sector primario, do -1%, o que representa un dos maiores descenso para o conxunto das comarcas neste sector.

5.2.2.- Traballadores autónomos

TÁBOA 2: Traballadores autónomos da COMARCA do MORRAZO por sectores de actividade.

	Autónomos	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	67	71
Electricidade	0	1
Industria	339	355
Construción	681	732
Comercio e hostalaría	2.106	2.249
Transporte e comunicacións	171	186
Outros servizos	729	812
SECTOR PRIMARIO	67	71
SECTOR SECUNDARIO	339	356
SECTOR CONSTRUCCIÓN	681	732
SECTOR SERVICIOS	3.006	3.247
TOTAL	4.092	4.407

Destaca nesta comarca que o número de traballadores autónomos do sector dos servizos creceu no último ano no contorno do valor medio de todas as comarcas, mentres que a construción e o sector primario incrementáronse con intensidade claramente inferior.

5.2.3.- Traballadores asalariados

TÁBOA 3: Traballadores asalariados da COMARCA do MORRAZO por sectores de actividade.

	Asalariados	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	3.360	3.239
Electricidade	10	10
Industria	2.586	2.847
Construción	2.075	2.220
Comercio e hostalaría	2.309	2.465
Transporte e comunicacións	508	593
Outros servizos	2.725	2.875
SECTOR PRIMARIO	3.360	3.239
SECTOR SECUNDARIO	2.596	2.858
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.075	2.220
SECTOR SERVIZOS	5.541	5.933
TOTAL	13.572	14.249

Cómpre mencionar que o volume de traballadores asalariados do sector secundario experimentou no último ano un dos maiores incrementos da totalidade comarcal, do 10,1%.

5.3.- Demandas

Os demandantes de traballo comarcais descenderon no último ano o -11,7%, unha das reducións máis intensas de Galicia. A participación dos demandantes de traballo da comarca na Comunidade Autónoma é do 3,1%, tras experimentar un dos maiores descenso.

5.3.1.- Demandas por situación laboral, sexo e idade

TÁBOA 4: Demandantes de traballo da COMARCA do MORRAZO por situación laboral.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados	5.373	4.880
Non parados, ocupados	916	857
Non parados, desempregados	1.024	722
Non parados, traballadores agrarios	10	9
PARADOS	5.373	4.880
NON PARADOS	1.950	1.588
TOTAL	7.323	6.468

Destaca o feito de descender os demandantes non parados desempregados nun -29,5%, o que supón un dos maiores retrocesos para a categoría en Galicia.

TÁBOA 5: Demandantes de traballo da COMARCA do MORRAZO por situación laboral e sexo.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, homes	1.927	1.657
Parados, mulleres	3.446	3.223
Non parados, homes	704	568
Non parados, mulleres	1.246	1.020
HOMES	2.631	2.225
MULLERES	4.692	4.243
TOTAL	7.323	6.468

O número de homes demandantes de traballo baixou no último ano nunha porcentaxe do -15,4%, unha das maiores reducións para esta categoría en Galicia. Os homes demandantes parados destacan por retroceder o -14%.

TÁBOA 6: Demandantes de traballo da COMARCA do MORRAZO por situación laboral e idade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, menores de 26 anos	972	773
Parados, entre 26 e 35 anos	1.695	1.488
Parados, entre 36 e 45 anos	1.195	1.129
Parados, entre 46 e 55 anos	986	922
Parados, de 56 ou máis anos	525	568
Non parados, menores de 26 anos	433	304
Non parados, entre 26 e 35 anos	539	439
Non parados, entre 36 e 45 anos	399	323
Non parados, entre 46 e 55 anos	288	257
Non parados, de 56 ou máis anos	291	265
Menores de 26 anos	1.405	1.077
Entre 26 e 35 anos	2.234	1.927
Entre 36 e 45 anos	1.594	1.452
Entre 46 e 55 anos	1.274	1.179
De 56 ou máis anos	816	833
TOTAL	7.323	6.468

Destacan os descensoos acontecidos no último ano para os demandantes de traballo de 46 a 55 anos, do -7,5%; para os demandantes parados de 26 a 35 anos, do -12,2%; para os demandantes de 36 a 45 anos, do -5,5%; e para os demandantes de 46 a 55 anos, do -6,5%, estando entre as minguas máis importantes para o conxunto das comarcas. Os demandantes parados de 56 ou máis anos sobresaen por crecer no último ano o 8,2%, por enriba da media para a Comunidade Autónoma.

O peso relativo dos demandantes de traballo parados de 56 ou máis anos creceu no último ano o 1,6%, unha das maiores subidas experimentadas no conxunto de Galicia.

TÁBOA 7: Demandantes parados da COMARCA do MORRAZO por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	347	426	773
De 26 a 35 anos	465	1.023	1.488
De 36 a 45 anos	343	786	1.129
De 46 a 55 anos	304	618	922
De 56 ou máis anos	198	370	568
TOTAL	1.657	3.223	4.880

O 34% dos demandantes parados son homes e o 66% mulleres, valor este último que supera en 3 puntos o acadado para o conxunto da Comunidade Autónoma. Por idades, o intervalo de 26 a 35 anos presenta un peso relativo superior ao galego, en 4 puntos porcentuais; tamén son superiores os pesos relativos do grupo de menores de 26 anos, en 2,4 puntos, e de 36 a 45 anos, en 0,7 puntos. Os restantes intervalos teñen un peso relativo menor que o autonómico, coas seguintes distancias: -5,4 puntos nos maiores de 55 anos; e -1,7 puntos no intervalo de 46 a 55 anos.

TÁBOA 8: Demandantes non parados da COMARCA do MORRAZO por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes non parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	128	176	304
De 26 a 35 anos	161	278	439
De 36 a 45 anos	107	216	323
De 46 a 55 anos	83	174	257
De 56 ou máis anos	89	176	265
TOTAL	568	1.020	1.588

Os demandantes ocupados presentan unha distribución de 35,8% de homes e 64,2% de mulleres, valor este último 8,3 puntos porcentuais por enriba do galego. Os intervalos de idade que presentan un peso relativo maior ao galego son: o de 26 a 35 anos, 1,9 puntos por enriba do seu peso en Galicia; e o de 36 a 45 anos, 1,7 puntos superior. Pola contra, o intervalo de menores de 26 anos representa un peso menor ao galego, cunha distancia de -2,7 puntos, mentres que o de maiores de 55 anos atópase en -0,8, e o de 46 a 55 anos presenta unha distancia de -0,1 respecto do valor galego.

TÁBOA 9: Demandantes parados da COMARCA do MORRAZO por sexo e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Homes	1.003	278	376	1.657
Mulleres	1.236	579	1.408	3.223
TOTAL	2.239	857	1.784	4.880

O 45,9% dos demandantes parados da provincia levan menos de seis meses en situación de desemprego. Este peso relativo é superior ao galego en 4,9 puntos porcentuais. O 36,6% levan en desemprego máis dun ano, valor a unha distancia de -5,4 puntos do galego. O 17,6% restante leva entre seis meses e un ano en situación de desemprego, valor superior ao galego en 0,6 puntos porcentuais.

A porcentaxe de mulleres é superior nas tres categorías segundo tempo de busca de emprego. Representan un 55,2% dos parados de menos de seis meses de duración, un 67,6% dos de seis meses a un ano, e un 78,9% dos parados de máis dun ano de duración.

TÁBOA 10: Demandantes parados da COMARCA do MORRAZO por intervalos de idade e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menos de 26 anos	552	123	98	773
De 26 a 35 anos	747	315	426	1.488
De 36 a 45 anos	507	212	410	1.129
De 46 a 55 anos	313	142	467	922
De 56 ou máis anos	120	65	383	568
TOTAL	2.239	857	1.784	4.880

Por enriba, destácanse os pesos relativos dos menores de 26 anos que levan menos de seis meses en desemprego, cun 71,4%; así como os maiores de 55 anos que levan máis dun ano nesta situación, e que suman o 67,4% dos deste intervalo de idade. Nos extremos baixos, destacan os menores de 26 anos que levan máis dun ano en situación de desemprego, cun 12,7%; e os maiores de 55 anos que levan menos de seis meses, cun 21,1%.

5.3.2.- Demandas por formación académica

TÁBOA 11: Demandantes de traballo da COMARCA do MORRAZO por situación laboral e formación académica.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados ata certificado escolar	1.733	1.639
Parados titulación de ensino obrigatorio	1.765	1.590
Parados BUP/bacharelato superior/COU	432	334
Parados formación profesional	947	862
Parados titulación universitaria e outras titulacións	496	455
Non parados ata certificado escolar	654	556
Non parados titulación de ensino obrigatorio	583	447
Non parados BUP/bacharelato superior/COU	216	161
Non parados formación profesional	332	260
Non parados titulación universitaria e outras titulacións	165	164
Ata certificado escolar	2.387	2.195
Titulación de ensino obrigatorio	2.348	2.037
BUP/bacharelato superior/COU	648	495
Formación profesional	1.279	1.122
Titulación universitaria e outras titulacións	661	619
TOTAL	7.323	6.468

Todas as categorías de titulación experimentan un retroceso no número de demandas no último ano, presentando os valores máis baixos BUP/bacharelato/COU, titulación de ensino obrigatorio e formación profesional, con variacións respectivas de -23,6%, -13,2% e -12,3%. As demandas realizadas por persoas que posúen ata certificado escolar presentan unha variación de -8%; e as de titulados universitarios de -6,4%.

O 33,9% das demandas corresponden á categoría de ata certificado escolar; o 31,5% correspondentes aos titulados de ensino obrigatorio; o 17,3% aos titulados en formación profesional; o 9,6% aos titulados universitarios e o 7,7% restante a BUP/bacharelato/COU.

No último ano aumenta o peso relativo no conxunto das demandas de ata certificado escolar, 1,3%; e titulación universitaria, 0,5%. Diminúe o peso de BUP/bacharelato/COU, -1,2%; das titulacións de ensino obrigatorio, -0,6%; e da formación profesional, -0,1%.

5.3.3.- Demandas por grandes sectores de actividade

TABOA 12: Demandantes de traballo da COMARCA do MORRAZO por situación laboral e grandes sectores de actividade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados sector primario	488	439
Parados sector secundario	805	657
Parados sector construción	397	318
Parados sector servizos	2.818	2.677
Parados sen emprego anterior	865	789
Non parados sector primario	130	93
Non parados sector secundario	330	264
Non parados sector construción	124	89
Non parados sector servizos	1.015	865
Non parados sen emprego anterior	351	277
Sector primario	618	532
Sector secundario	1.135	921
Sector construción	521	407
Sector servizos	3.833	3.542
Sen emprego anterior	1.216	1.066
TOTAL	7.323	6.468

A comarca presenta unha caída do número de demandas superior á galega. Todos os sectores experimentar variacións negativas: -21,9% o da construción; -18,9% o secundario; -13,9% o primario; -12,3% as demandas de persoas sen emprego anterior; e -7,6% o sector servizos.

Nas demandas do último ano, o sector servizos representa o 54,8%. Séguenlle as demandas realizadas por persoas sen emprego anterior, que representan o 16,5%; as do sector secundario, que suman o 14,2%; as do sector primario, que representan o 8,2%; e as da construción, co 6,3% restante.

Todos os sectores perden peso relativo no último ano salvo o sector servizos, que o incrementa un 2,4%. O sector secundario ten unha variación anual de -1,3%; -0,8% o sector da construción; -0,2% o primario; e -0,1% as demandas realizadas por persoas sen emprego anterior.

5.4.- Contratos

A participación do número de contratos na Comunidade Autónoma experimentou un descenso que destaca por ser un dos de maior intensidade de entre todas as comarcas, do -0,1%.

5.4.1.- Contratación por sexo e idade

TÁBOA 13: Contratos da COMARCA do MORRAZO por sexo.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Homes	20.687	18.946	17.389	18.255	19.012
Mulleres	8.065	8.848	8.118	8.654	9.723
TOTAL	28.752	27.794	25.507	26.909	28.735

Os contratos presentan unha variación anual superior ao valor medio das 53 comarcas, así como unha tendencia quinquenal negativa e oposta á do conxunto das comarcas. O mesmo acontece se se fai unha análise segundo sexo.

TÁBOA 14: Contratos da COMARCA do MORRAZO por intervalos de idade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Menos de 26 anos	10.336	9.720	8.637	8.465	8.609
De 26 a 35 anos	8.864	8.378	7.491	8.847	9.347
De 36 a 45 anos	6.032	5.762	5.421	5.533	6.355
De 46 a 55 anos	2.699	3.245	3.298	3.304	3.529
De 56 ou máis anos	821	689	660	760	895
TOTAL	28.752	27.794	25.507	26.909	28.735

Os contratos asinados polas persoas menores de 26 anos amosan un incremento inferior á media de todas as comarcas no último ano, así como unha tendencia oposta no quinquenio; para as persoas de 26 a 35 anos ten lugar un crecemento contractual de intensidade similar ao do conxunto das comarcas para o último ano, pero inferior no quinquenio; por último, para as persoas de 36 a 45 anos e de 56 ou máis anos acontece unha subida de maior intensidade no último, crecendo de xeito máis moderado durante o quinquenio.

TÁBOA 15: Contratos da COMARCA do MORRAZO por sexo e intervalos de idade.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	6.014	2.595	8.609
De 26 a 35 anos	6.349	2.998	9.347
De 36 a 45 anos	4.060	2.295	6.355
De 46 a 55 anos	2.133	1.396	3.529
De 56 ou máis anos	456	439	895
TOTAL	19.012	9.723	28.735

O peso relativo dos contratos realizados aos homes destaca por atoparse entre os máis altos do conxunto das comarcas, con 12,6 puntos porcentuais por riba da media da Comunidade Autónoma. Pola contra, o peso relativo que lles corresponde aos contratos do colectivo feminino é inferior á porcentaxe de Galicia en -12,6 puntos porcentuais.

5.4.2.- Contratación por sectores de actividade

TÁBOA 16: Contratos da COMARCA do MORRAZO por sectores de actividade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	2.350	2.242	2.314	2.104	1.890
Electricidade	0	0	X	0	X
Industria	4.024	4.655	X	3.312	X
Construción	1.864	1.814	2.026	1.970	2.114
Comercio e hostalaría	2.584	2.738	3.130	3.375	3.484
Transporte e comunicacións	14.893	13.215	10.858	12.370	13.035
Outros servizos	3.037	3.130	3.225	3.778	4.567
SECTOR PRIMARIO	2.350	2.242	2.314	2.104	1.890
SECTOR SECUNDARIO	4.024	4.655	3.954	3.312	3.645
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.864	1.814	2.026	1.970	2.114
SECTOR SERVIZOS	20.514	19.083	17.213	19.523	21.086
TOTAL	28.752	27.794	25.507	26.909	28.735

Os contratos realizados no sector servizos durante o último ano creceron cunha intensidade salientable, do 20,9%, o que sitúa esta comarca entre as que maior subida experimentaron. É preciso indicar o descenso do peso relativo dos contratos asinados no transporte e comunicacións, do -1,6%, por supoñer unha mingua das de maior intensidade para esta categoría na Comunidade Autónoma.

TÁBOA 17: Contratos da COMARCA do MORRAZO por sectores de actividade e sexo.

	Contratos		TOTAL
	Homes	Mulleres	
Agricultura e pesca	1.783	107	1.890
Electricidade	X	0	X
Industria	X	1.770	X
Construción	2.004	110	2.114
Comercio e hostalaría	1.154	2.330	3.484
Transporte e comunicacións	10.728	2.307	13.035
Outros servizos	1.468	3.099	4.567
SECTOR PRIMARIO	1.783	107	1.890
SECTOR SECUNDARIO	1.875	1.770	3.645
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.004	110	2.114
SECTOR SERVIZOS	13.350	7.736	21.086
TOTAL	19.012	9.723	28.735

O peso relativo dos contratos aos homes respecto ao das mulleres é do 66,2%, dos máis altos para o conxunto das comarcas. Superan esta porcentaxe os contratos ao colectivo no sector primario, co 94,3%, e na construción, co 94,8%.

O peso relativo dos contratos ás mulleres é do 33,8%; no sector primario a súa presenza redúcese ao 5,7% e na construción ao 5,2%.

TÁBOA 18: Contratos da COMARCA do MORRAZO por sectores de actividade e intervalos de idade.

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Agricultura e pesca	181	521	667	477	44	1.890
Electricidade	X	X	0	0	0	X
Industria	X	X	717	522	268	X
Construción	744	692	402	200	76	2.114
Comercio e hostalaría	1.346	1.174	588	231	145	3.484
Transporte e comunicacións	4.256	4.095	2.892	1.529	263	13.035
Outros servizos	1.147	1.662	1.089	570	99	4.567
SECTOR PRIMARIO	181	521	667	477	44	1.890
SECTOR SECUNDARIO	935	1.203	717	522	268	3.645
SECTOR CONSTRUCCIÓN	744	692	402	200	76	2.114
SECTOR SERVICIOS	6.749	6.931	4.569	2.330	507	21.086
TOTAL	8.609	9.347	6.355	3.529	895	28.735

Os contratos son asinados, maioritariamente, polas persoas de 26 a 35 anos, que representan o 32% do total comarcal; superan esta porcentaxe os realizados no sector secundario, co 33%; na construción, co 32,7%; e nos servizos, co 32,9%.

5.4.3.- Contratación por tipos de contrato

TÁBOA 19: Contratos da COMARCA do MORRAZO por tipos de contrato.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Indefinido tempo completo	1.351	1.079	1.147	1.139	1.210
Indefinido tempo parcial	255	306	225	253	261
Temporal	14.051	22.644	20.975	22.190	23.562
Temporal tempo parcial	9.026	2.069	2.436	2.693	3.020
Prácticas/Formación	455	529	584	431	523
Outros	3.614	1.167	140	203	159
TOTAL	28.752	27.794	25.507	26.909	28.735

Os contratos temporais a tempo parcial así como as outras modalidades de contratación descendieron no quinquenio o -15,7% e o -23% respectivamente, minguas das máis acusadas en comparación co resto das comarcas.

O peso relativo dos contratos temporais a tempo completo e en prácticas/formación experimentaron crecementos superiores á media galega, do 8,3% e 0,1% respectivamente.

TÁBOA 20: Contratos da COMARCA do MORRAZO por tipos de contrato e sexo.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Indefinido tempo completo	870	340	1.210
Indefinido tempo parcial	70	191	261
Temporal	16.676	6.886	23.562
Temporal tempo parcial	914	2.106	3.020
Prácticas/Formación	329	194	523
Outros	153	6	159
TOTAL	19.012	9.723	28.735

Os contratos a homes superan a alta porcentaxe de contratación que lle corresponde ao colectivo masculino, do 66,2%, no caso dos contratos indefinidos a tempo completo, co 71,9%, e nos temporais a tempo parcial, co 70,8%. Non acadan a baixa porcentaxe de contratación feminina, do 33,8%, os contratos indefinidos a tempo completo, co 28,1%, os contratos temporais a tempo completo, co 29,2%, e os outros contratos co 3,8%.

TÁBOA 21: Contratos da COMARCA do MORRAZO por tipos de contrato e intervalos de idade.

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Indefinido tempo completo	189	452	303	222	44	1.210
Indefinido tempo parcial	71	95	58	31	6	261
Temporal	6.804	7.625	5.380	3.004	749	23.562
Temporal tempo parcial	1.073	1.107	548	226	66	3.020
Prácticas/Formación	466	32	19	6	0	523
Outros	6	36	47	40	30	159
TOTAL	8.609	9.347	6.355	3.529	895	28.735

Os pesos relativos da contratación realizada aos diferentes grupos de idade caracterízanse por atoparse no contorno do valor medio das comarcas.

TÁBOA 22: Contratos da COMARCA do MORRAZO por tipos de contrato e sectores de actividade.

	Contratos							
	Agricultura e pesca	Electricidade	Industria	Construción	Comercio e hostalaría	Transporte e comunicacións	Outros servizos	TOTAL
Indefinido tempo completo	423	0	203	147	256	70	111	1.210
Indefinido tempo parcial	8	0	9	10	135	11	88	261
Temporal	1.434	X	3.156	1.667	1.516	12.909	2.876	X
Temporal tempo parcial	20	0	197	143	1.430	44	1.186	3.020
Prácticas/Formación	X	0	76	147	146	X	150	523
Outros	X	0	0	0	X	0	156	159
TOTAL	1.890	X	3.641	2.114	X	X	4.567	28.735

O peso relativo dos contratos asinados no transporte e comunicacións é dos máis altos de Galicia, do 45,4%, o que significa 36,7 puntos porcentuais por enriba da media galega. Os contratos neste sector superan a porcentaxe no caso dos temporais a tempo parcial, co 54,8%.

Nos outros servizos este peso relativo atópase entre os máis baixos do conxunto das comarcas, co 15,9% dos contratos, 28,4 puntos porcentuais por baixo da media galega; non acadan a porcentaxe mencionada no sector os contratos temporais a tempo completo, co 12,2%, e os indefinidos a tempo completo, co 9,2%.

O peso relativo dos contratos pertencentes ao comercio e hostalaría tamén está entre os máis baixos de Galicia, co 12,1%, 8,5 puntos porcentuais, valor inferior á media do conxunto das comarcas; non chegan a esta porcentaxe os contratos temporais a tempo completo no sector, co 6,4%, e os outros contratos co 0,6%.

Por último, o peso relativo dos contratos no sector da construción é do 7,4%, 5 puntos porcentuais menos que o correspondente á media das comarcas; os contratos temporais a tempo completo no sector sitúanse por debaixo cunha porcentaxe do 7,1%; o mesmo acontece nos temporais a tempo parcial, co 4,7%, e nos indefinidos a tempo parcial, co 3,8%.

5.4.4.- Contratación por ocupacións

TÁBOA 23: Contratos da COMARCA do MORRAZO por grupos de ocupación.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Dirección de empresas e de administracións públicas	20	25	24	22	34
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	478	575	580	670	722
Técnicos e profesionais de apoio	892	812	840	920	958
Empregados de tipo administrativo	658	701	755	769	949
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	2.061	2.267	2.517	2.800	3.029
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	1.577	1.489	1.535	1.401	1.281
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	4.185	4.490	3.913	4.249	4.898
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	9.112	7.225	4.519	3.219	2.740
Traballadores non cualificados	9.769	10.210	10.824	12.859	14.124
TOTAL	28.752	27.794	25.507	26.909	28.735

Como feito salientable hai que sinalar a perda de peso relativo no grupo ocupacional de operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, do -2,4% no último ano e do -5,5% no quinquenio; trátase de descensos significativos no conxunto da Comunidade Autónoma.

TÁBOA 24: Contratos da COMARCA do MORRAZO por grupos de ocupación e sexo.

	Homes	Contratos Mulleres	TOTAL
Dirección de empresas e de administracións públicas	23	11	34
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	388	334	722
Técnicos e profesionais de apoio	661	297	958
Empregados de tipo administrativo	250	699	949
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	795	2.234	3.029
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	1.189	92	1.281
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	3.218	1.680	4.898
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	2.444	296	2.740
Traballadores non cualificados	10.044	4.080	14.124
TOTAL	19.012	9.723	28.735

No volume global de contratos, o peso relativo dos realizados a homes sitúase 12,6 puntos porcentuais por enriba do galego. Contribúen especialmente a este alto peso relativo dos contratos a homes nos seguintes grupos ocupacionais: traballadores cualificados na agricultura e na pesca, cun 92,8 %; operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, cun 89,2%; traballadores non cualificados, cun 71,1%; técnicos e profesionais de apoio, cun 69%; dirección das empresas e das administracións públicas, cun 67,6%; e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría, cun 65,7%.

Sobresae o peso relativo dos contratos a mulleres nos grupos de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cun 73,8%; e empregados de tipo administrativo, no que o 73,7% dos contratos son realizados a mulleres.

TÁBOA 25: Contratos da COMARCA do MORRAZO por grupos de ocupación e intervalos de idade.

	Contratos					TOTAL
	< 26	26 a 35	36 a 45	46 a 55	>= 56	
Dirección de empresas e de administracións públicas	X	14	14	X	X	X
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	72	375	152	88	35	722
Técnicos e profesionais de apoio	204	370	209	144	31	958
Empregados de tipo administrativo	268	471	157	51	X	X
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	1.281	985	441	200	122	3.029
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	161	389	445	270	16	1.281
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e minaría	1.373	1.484	1.030	699	312	4.898
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	764	963	710	266	37	2.740
Traballadores non cualificados	4.484	4.296	3.197	1.808	339	14.124
TOTAL	X	9.347	6.355	X	X	28.735

A distribución contractual por grupos de ocupación e idade é moi parella á que lle corresponde á media das comarcas.

5.5.- Formación ocupacional

TABOA 26: Número de alumnos e cursos de formación ocupacional da COMARCA do MORRAZO por familias profesionais.

	Cursos		Alumnos	
	Núm.	%	Núm.	%
Agraria	1	3,7	15	3,5
Administración e oficinas	3	11,1	46	10,9
Comercio	2	7,4	33	7,8
Servizos ás empresas	10	37,0	156	36,9
Edificación e obras públicas	1	3,7	17	4,0
Industrias alimentarias	2	7,4	32	7,6
Industrias da madeira e a cortiza	1	3,7	17	4,0
Montaxe e instalación	3	11,1	46	10,9
Producción transferencia e distribución de enerxía e auga	1	3,7	10	2,4
Turismo e hostalaría	3	11,1	51	12,1
TOTAL	27	100	423	100

A familia profesional dos servizos ás empresas destaca por concentrar o 37% dos cursos de formación ocupacional e o 36,9% do alumnado. A familia profesional menos representada é a de produción, transferencia e distribución de enerxía e auga, co 3,7% dos cursos e o 2,4% do alumnado.



COMARCA do SALNÉS

5.1.- Indicadores

5.1.1.- Tecido empresarial

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Empresas	5.248	7	+4,1	19
Autónomos	7.456	7	+8,3	27
Asalariados	30.479	8	+3,3	25

5.1.2.- Demandas

	Número	Posición	Var. últ. %	Posición
Demandas de parados	6.328	7	-6,0	31
Demandas de non parados	1.915	8	-16,2	42
Demandas totais	8.243	8	-8,6	41

	Número	Posición	Peso %	Posición
Parados mulleres	4.040	7	63,8	12
Parados menores de 26 anos	1.010	7	16,0	10
Parados de longa duración >=26 anos	2.033	7	32,1	49

5.1.3.- Contratos

	Número	Posición	Peso %	Posición
Contratos a mulleres	46.216	4	50,4	7
Contratos a menores de 26 anos	26.746	5	29,2	34
Contratos na industria	5.902	3	12,9	23
Contratos na construción	4.884	7	10,7	43
Contratos no comercio e hostalaría	14.018	3	30,6	1
Contratos no transporte e comunicacións	5.490	5	12,0	4
Contratos noutros servizos	14.627	7	31,9	32

	Número	Posición	Var. qui. %	Posición
Contratos indefinidos t. completo	2.305	8	+11,7	34
Contratos indefinidos t. parcial	386	8	+20,2	20
Contratos temporais	34.746	4	+11,9	8
Contratos temporais t. parcial	7.059	8	+18,9	17
Contratos prácticas/formación	921	7	-16,7	41
Contratos outros	389	17	+22,7	12
Contratos totais	45.806	4	+12,3	8

5.1.4.- Ocupacións máis demandadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	2.270	2.048
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	2.123	1.995
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	1.100	1.237
Peóns de industrias manufactureiras	1.169	1.085
Taquígrafos e mecanógrafos	1.175	1.042
Peóns do transp. e descargadores	861	706
Caixeiros (agás bancos e correos)	642	572
Camareiros, barmans e asimilados	723	549
Trab. cualif. por c. allea en hortas, viveiros e xardíns	464	530
Peóns da construción de edificios	504	443

5.1.5.- Ocupacións máis demandadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	526
Peóns da construción de edificios	423
Albaneis e canteiros	359
Peóns do transp. e descargadores	343
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	282
Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas	244
Camareiros, barmans e asimilados	215
Taquígrafos e mecanógrafos	207
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	204
Condutores de camións	192

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	1.924
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	1.791
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	1.200
Taquígrafos e mecanógrafos	835
Peóns de industrias manufactureiras	559
Caixeiros (agás bancos e correos)	538
Peóns do transp. e descargadores	363
Trab. cualif. por c. allea en hortas, viveiros e xardíns	342
Camareiros, barmans e asimilados	334
Empregados para o coidado de nenos	309

5.1.6.- Ocupacións máis contratadas

	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	1.080	1.072
Taquígrafos e mecanógrafos	707	599
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	537	579
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	509	544
Camareiros, barmans e asimilados	433	501
Condutores de camións	337	363
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	255	321
Albaneis e canteiros	284	286
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	243	261
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	220	244

5.1.7.- Ocupacións máis contratadas por sexo

	Homes III-05 a II-06
Peóns de industrias manufactureiras	686
Condutores de camións	331
Albaneis e canteiros	267
Camareiros, barmans e asimilados	235
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	230
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	186
Taquígrafos e mecanógrafos	170
Peóns da construción de edificios	164
Peóns do transp. e descargadores	160
Representantes de comercio e técnicos de venda	135

	Mulleres III-05 a II-06
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e similares	443
Taquígrafos e mecanógrafos	429
Dependentes e exhib. en tendas, almacéns, quioscos e mercado	393
Peóns de industrias manufactureiras	386
Camareiros, barmans e asimilados	266
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	210
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	191
Outros auxs. administrativos con tarefas de atención ao púb.	143
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza	107
Secretarios administrativos e asimilados	98

5.2.- Tecido empresarial

5.2.1.- Empresas

*TÁBOA 1: Empresas da
COMARCA do SALNÉS por
sectores de actividade.*

	Empresas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	583	550
Electricidade	5	5
Industria	502	510
Construción	952	968
Comercio e hostalaría	1.798	1.887
Transporte e comunicacións	210	221
Outros servizos	993	1.108
SECTOR PRIMARIO	583	550
SECTOR SECUNDARIO	507	515
SECTOR CONSTRUCCIÓN	952	968
SECTOR SERVIZOS	3.001	3.216
TOTAL	5.043	5.248

O peso relativo das empresas do sector servizos medrou no último ano por enriba do crecemento medio galego: o 1,8%. Pola contra, as empresas do sector primario comarcal atópanse entre as que máis peso perderon: o -1,1%.

5.2.2.- Traballadores autónomos

TÁBOA 2: Traballadores autónomos da COMARCA do SALNÉS por sectores de actividade.

	Autónomos	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	71	75
Electricidade	3	4
Industria	576	607
Construción	1.315	1.428
Comercio e hostalaría	3.415	3.705
Transporte e comunicacións	420	438
Outros servizos	1.085	1.199
SECTOR PRIMARIO	71	75
SECTOR SECUNDARIO	579	611
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.315	1.428
SECTOR SERVIZOS	4.921	5.342
TOTAL	6.886	7.456

A variación anual presenta valores algo máis baixos que o valor medio das comarcas para os sectores primario, secundario, construción, transporte e comunicacións e outros servizos. Lixeiramente máis alta que a media das comarcas é a variación anual no comercio e hostalaría.

5.2.3.- Traballadores asalariados

TÁBOA 3: Traballadores asalariados da COMARCA do SALNÉS por sectores de actividade..

	Asalariados	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	5.858	5.690
Electricidade	70	75
Industria	5.496	5.641
Construción	4.843	4.993
Comercio e hostalaría	7.307	7.792
Transporte e comunicacións	952	990
Outros servizos	4.973	5.297
SECTOR PRIMARIO	5.858	5.690
SECTOR SECUNDARIO	5.566	5.717
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.843	4.993
SECTOR SERVIZOS	13.233	14.079
TOTAL	29.500	30.479

A variación anual do número de traballadores asalariados é lixeiramente superior á variación media das comarcas en todos os sectores salvo no da construción e no transporte e comunicacións, nos que as variacións presentan valores inferiores.

5.3.- Demandas

A participación dos demandantes de traballo da comarca en Galicia é do 4%, tras experimentar un descenso no último ano do -0,1%, un dos máis importantes da Comunidade Autónoma.

5.3.1.- Demandas por situación laboral, sexo e idade

TÁBOA 4: Demandantes de traballo da COMARCA do SALNÉS por situación laboral.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados	6.729	6.328
Non parados, ocupados	1.390	1.159
Non parados, desempregados	866	728
Non parados, traballadores agrarios	29	28
PARADOS	6.729	6.328
NON PARADOS	2.285	1.915
TOTAL	9.014	8.243

En todas as categorías preséntanse variacións anuais lixeiramente inferiores ás da media das comarcas, salvo na de non parados, traballadores agrarios, na que a variación é superior a ese valor medio.

TÁBOA 5: Demandantes de traballo da COMARCA do SALNÉS por situación laboral e sexo.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, homes	2.424	2.288
Parados, mulleres	4.305	4.040
Non parados, homes	925	787
Non parados, mulleres	1.360	1.128
HOMES	3.349	3.075
MULLERES	5.665	5.168
TOTAL	9.014	8.243

As variacións anuais son lixeiramente inferiores ao comportamento medio das comarcas para todas as categorías.

TÁBOA 6: Demandantes de traballo da COMARCA do SALNÉS por situación laboral e idade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados, menores de 26 anos	1.294	1.010
Parados, entre 26 e 35 anos	2.017	1.892
Parados, entre 36 e 45 anos	1.461	1.458
Parados, entre 46 e 55 anos	1.096	1.110
Parados, de 56 ou máis anos	861	858
Non parados, menores de 26 anos	510	405
Non parados, entre 26 e 35 anos	704	535
Non parados, entre 36 e 45 anos	506	434
Non parados, entre 46 e 55 anos	329	302
Non parados, de 56 ou máis anos	236	239
Menores de 26 anos	1.804	1.415
Entre 26 e 35 anos	2.721	2.427
Entre 36 e 45 anos	1.967	1.892
Entre 46 e 55 anos	1.425	1.412
De 56 ou máis anos	1.097	1.097
TOTAL	9.014	8.243

Nesta comarca destacan os descenso experimentados no último ano polos demandantes de traballo parados de 26 a 35 anos, do -6,2%, polos de 36 a 45 anos, do -0,2% e polos de 56 ou máis anos, do -0,3%, por tratarse de minguas importantes no conxunto das comarcas. Pola contra, destaca o crecemento dos demandantes parados de 46 a 55 anos, do 1,3%, estando entre os maiores da Comunidade Autónoma.

O peso relativo dos demandantes parados de 56 ou máis anos creceu no último ano o 0,9%, unha das subidas máis importantes das experimentadas en Galicia.

TÁBOA 7: Demandantes parados da COMARCA do SALNÉS por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	456	554	1.010
De 26 a 35 anos	608	1.284	1.892
De 36 a 45 anos	429	1.029	1.458
De 46 a 55 anos	390	720	1.110
De 56 ou máis anos	405	453	858
TOTAL	2.288	4.040	6.328

Os demandantes parados presentan unha distribución de 36,2% de homes e 63,8% de mulleres, valor este último 0,8 puntos porcentuais por enriba do galego. Os intervalos de idade que amosan un peso relativo maior ao galego son: o de 26 a 35 anos, 3,4 puntos superior ao seu peso en Galicia; o de menores de 26 anos, 2,5 por enriba; e o de 36 a 45 anos, 0,6 puntos por enriba. Pola contra, o intervalo de maiores de 55 anos representa un peso menor ao galego, cunha distancia de -3,5 puntos, mentres que o 46 a 55 anos aparece a unha distancia de -3,1 respecto do valor galego.

TÁBOA 8: Demandantes non parados da COMARCA do SALNÉS por sexo e intervalos de idade.

	Demandantes non parados		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	159	246	405
De 26 a 35 anos	212	323	535
De 36 a 45 anos	176	258	434
De 46 a 55 anos	109	193	302
De 56 ou máis anos	131	108	239
TOTAL	787	1.128	1.915

Os demandantes non parados presentan unha distribución de 41,1% de homes e 58,9% de mulleres, valor este último 2,9 puntos porcentuais por enriba do galego. Os intervalos de idade que amosan un peso relativo maior ao galego son: o de 36 a 45 anos, 4 puntos superior, así como o de 26 a 35 anos, 2,2 puntos por enriba. Pola contra, o intervalo de maiores de 55 representa un peso menor ao galego, cunha distancia de -5 puntos, mentres que o de menores de 26 anos atópase a -0,7 puntos, e o de 46 a 55 anos presenta unha distancia de -0,5 puntos a respecto do valor galego.

TÁBOA 9: Demandantes parados da COMARCA do SALNÉS por sexo e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Homes	1.266	428	594	2.288
Mulleres	1.747	854	1.439	4.040
TOTAL	3.013	1.282	2.033	6.328

O 47,6% dos demandantes parados da provincia levan menos de seis meses en situación de desemprego. Este peso relativo é superior ao galego en 6,6 puntos porcentuais. O 32,1% levan en desemprego máis dun ano, valor a unha distancia de -9,9 puntos do galego. O 20,3% restante leva entre seis meses e un ano en situación de desemprego, sendo este valor superior ao galego en 3,3 puntos porcentuais.

A porcentaxe de mulleres é superior nas tres categorías segundo tempo de busca de emprego. Representan un 58% dos parados de menos de seis meses de duración, un 66,6% dos de seis meses a un ano, e un 70,8% dos parados de máis dun ano de duración.

TÁBOA 10: Demandantes parados da COMARCA do SALNÉS por intervalos de idade e tempo de busca de emprego.

	Tempo de busca de emprego			
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menos de 26 anos	752	159	99	1.010
De 26 a 35 anos	997	436	459	1.892
De 36 a 45 anos	692	327	439	1.458
De 46 a 55 anos	399	224	487	1.110
De 56 ou máis anos	173	136	549	858
TOTAL	3.013	1.282	2.033	6.328

Por enriba, sobresaen os pesos relativos dos menores de 26 anos que levan menos de seis meses en desemprego, cun 74,5%, así como os maiores de 55 anos que levan máis dun ano nesta situación e que suman o 64% dos deste intervalo de idade. Nos extremos baixos, destacan os menores de 26 anos que levan máis dun ano en situación de desemprego, cun 9,8%.

5.3.2.- Demandas por formación académica

TÁBOA 11: Demandantes de traballo da COMARCA do SALNÉS por situación laboral e formación académica.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados ata certificado escolar	2.245	2.277
Parados titulación de ensino obrigatorio	2.606	2.364
Parados BUP/bacharelato superior/COU	608	462
Parados formación profesional	748	729
Parados titulación universitaria e outras titulacións	522	496
Non parados ata certificado escolar	704	627
Non parados titulación de ensino obrigatorio	795	629
Non parados BUP/bacharelato superior/COU	270	214
Non parados formación profesional	274	236
Non parados titulación universitaria e outras titulacións	242	209
Ata certificado escolar	2.949	2.904
Titulación de ensino obrigatorio	3.401	2.993
BUP/bacharelato superior/COU	878	676
Formación profesional	1.022	965
Titulación universitaria e outras titulacións	764	705
TOTAL	9.014	8.243

Todas as categorías de titulación experimentan unha caída no número de demandas no último ano, coas seguintes variacións porcentuais: -23% BUP/bacharelato/COU; -12% titulación de ensino obrigatorio; -7,7% titulación universitaria; -5,6% formación profesional; e -1,5% ata certificado escolar.

O 36,3% das demandas son realizadas por titulados de ensino obrigatorio; o 35,2% por persoas que posúen ata certificado escolar; o 11,7% por titulados en formación profesional; o 8,6% por titulados universitarios e o 8,2% restante por persoas que obtiveron a titulación en BUP/bacharelato/COU.

No último ano aumenta o peso relativo nas demandas das titulacións de ata certificado escolar, formación profesional e titulación universitaria, con variacións respectivas de 2,5%, 0,4% e 0,1%. Diminúe o peso relativo de BUP/bacharelato/COU, -1,5%; e de titulación de ensino obrigatorio, -1,4%.

5.3.3.- Demandas por grandes sectores de actividade

TABOA 12: Demandantes de traballo da COMARCA do SALNÉS por situación laboral e grandes sectores de actividade.

	Demandas	
	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Parados sector primario	215	241
Parados sector secundario	1.205	1.043
Parados sector construción	679	664
Parados sector servizos	3.613	3.536
Parados sen emprego anterior	1.017	844
Non parados sector primario	62	62
Non parados sector secundario	451	394
Non parados sector construción	171	142
Non parados sector servizos	1.264	1.047
Non parados sen emprego anterior	337	270
Sector primario	277	303
Sector secundario	1.656	1.437
Sector construción	850	806
Sector servizos	4.877	4.583
Sen emprego anterior	1.354	1.114
TOTAL	9.014	8.243

Todos os sectores experimentan no último ano unha caída do número de demandas salvo o sector primario, no que crecen un 9,4%. A variación acontecida nas demandas realizadas por persoas sen emprego anterior é de -17,7%; de -13,2% a do sector secundario; a de servizos é de -6%; e de -5,2% a do sector da construción.

O peso relativo das demandas do sector servizos ascende ao 55,6%, seguido do sector secundario, o 17,4%; das demandas de persoas sen emprego anterior, que representan o 13,5%; do grupo de demandas do sector da construción, o 9,8%, e das do sector primario, o 3,7% restante.

No último ano decrece o peso relativo das demandas realizadas por persoas sen emprego anterior, e as do sector secundario, con variacións respectivas de -1,5 e -0,9%. O peso do sector servizos incrementábase un 1,5%, o do sector primario un 0,6% e o do sector da construción un 0,3%.

5.4.- Contratos

A participación dos contratos comarcais en Galicia caracterízase por experimentar un dos maiores incrementos para o conxunto das comarcas, tanto no último ano, 0,3%, como no quinquenio, 0,1%.

5.4.1.- Contratación por sexo e idade

TÁBOA 13: Contratos da COMARCA do SALNÉS por sexo.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Homes	21.425	21.961	20.330	20.774	22.698
Mulleres	14.207	17.230	18.005	20.009	23.108
TOTAL	35.632	39.191	38.335	40.783	45.806

O peso relativo dos contratos aos homes na comarca descendeu de xeito salientable en comparación co acontecido na Comunidade Autónoma para este colectivo: o -2,6%. En consecuencia, o peso relativo dos contratos ás mulleres medrou o 2,6%.

TÁBOA 14: Contratos da COMARCA do SALNÉS por intervalos de idade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Menos de 26 anos	12.312	13.169	12.289	12.592	13.373
De 26 a 35 anos	10.442	12.026	12.166	12.923	15.751
De 36 a 45 anos	7.427	8.300	8.302	9.201	9.676
De 46 a 55 anos	4.201	4.392	4.221	4.543	5.494
De 56 ou máis anos	1.250	1.304	1.357	1.524	1.512
TOTAL	35.632	39.191	38.335	40.783	45.806

É preciso sinalar que os contratos realizados a persoas entre 26 e 35 anos incrementáronse no último ano o 21,9%, dato que sitúa esta comarca entre as que máis medraron. O seu peso relativo creceu un 2,7%.

TÁBOA 15: Contratos da COMARCA do SALNÉS por sexo e intervalos de idade.

	Contratos		
	Homes	Mulleres	TOTAL
Menos de 26 anos	7.046	6.327	13.373
De 26 a 35 anos	7.015	8.736	15.751
De 36 a 45 anos	4.494	5.182	9.676
De 46 a 55 anos	3.055	2.439	5.494
De 56 ou máis anos	1.088	424	1.512
TOTAL	22.698	23.108	45.806

O peso relativo dos contratos realizados a homes atópase a unha distancia de -4,1 puntos da porcentaxe galega do 53,6%. O peso relativo da contratación feminina supera en 0,8 puntos ao valor medio de Galicia, do 46,4%.

As distancias dos pesos relativos para todos os grupos de idade, ás porcentaxes medias galegas, son menores que as medias das distancias comarcais.

5.4.2.- Contratación por sectores de actividade

TÁBOA 16: Contratos da COMARCA do SALNÉS por sectores de actividade.

	Contratos				
	III-01 a II-02	III-02 a II-03	III-03 a II-04	III-04 a II-05	III-05 a II-06
Agricultura e pesca	617	662	786	779	870
Electricidade	9	7	X	11	15
Industria	5.115	5.599	X	6.281	5.902
Construción	4.831	4.387	4.840	4.680	4.884
Comercio e hostalaría	8.497	9.028	10.303	12.008	14.018
Transporte e comunicacións	7.974	8.521	6.095	5.377	5.490
Outros servizos	8.589	10.987	11.111	11.647	14.627
SECTOR PRIMARIO	617	662	786	779	870
SECTOR SECUNDARIO	5.124	5.606	5.400	6.292	5.917
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.831	4.387	4.640	4.680	4.884
SECTOR SERVIZOS	25.060	28.536	27.509	29.032	34.135
TOTAL	35.632	39.191	38.335	40.783	45.806

O volume de contratos asinados nos outros servizos experimentou unha medra de grande intensidade, do 25,6%, situando a comarca entre as de maior crecemento para esta categoría.

